
PLAN INTEGRAL PARA A DANZA DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA

PLAN INTEGRAL PARA A DANZA DE GALICIA

Xunta de Galicia
Santiago de Compostela, 2022

XUNTA DE GALICIA

REALIZACIÓN: Axencia Galega das Industrias Culturais

Axencia Galega das Industrias Culturais

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades - Xunta de Galicia

Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/n

15707 Santiago de Compostela

Tel: 881 996 078 / 077

agadic@xunta.gal | www.agadic.gal

PLAN INTEGRAL PARA A DANZA DE GALICIA

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	7
1. UN PLAN PARA O SECTOR DA DANZA	10
2. OBXECTIVOS, MISIÓN E VISIÓN	12
3. CRONOGRAMA E FASES DE EXECUCIÓN	15
4. ASPECTOS METODOLÓXICOS E PROCEDEMENTO DE ELABORACIÓN DO PLAN	19
 PLAN INTEGRAL PARA A DANZA DE GALICIA	
5. LIÑAS ESTRATÉXICAS	24
6. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	26
7. MEDIDAS E ACTUACIÓNS	45
8. DESENVOLVEMENTO DO PLAN	73
 ANEXO I. INFORME DO PROCESO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA	79



INTRODUCCIÓN

Introdución

Na actualidade estanse a producir transformacións de grande importancia en Galicia. Por unha banda, existe un significativo esgotamento dos modelos socioeconómicos pero, ao mesmo tempo, están a xurdir experiencias novidosas e iniciativas enxeñosas que fan avanzar a cultura e a industria cultural e creativa galega cara a unha nova forma de entender a realidade na que estamos inmersos. Non debemos esquecer que toda esta mudanza se produce dentro dun contexto de crise derivada, en primeiro lugar, dunha pandemia global e, moi recentemente, dunha guerra nas portas de Europa, que alterou a perspectiva e os focos de atención, provocando grandes transformacións en moi escaso tempo que aínda deben ser analizados. A cultura, e a danza, como unha das artes escénicas máis importantes, participa nestes procesos de cambio moi activamente.

A crecente complexidade da realidade cultural a través das súas manifestacións, retos, novos públicos e hibridacións con outros sectores económicos e sociais, obrigan a actualizar e a desenvolver mecanismos de apoio á xestión das políticas e das industrias culturais. Existe un aumento das demandas e necesidades culturais que esixe incorporar tamén novos elementos de creación e participación. A cultura convértese, xa que logo, nun eixe estratéxico fundamental das políticas públicas, deixando o seu limitado papel da preservación e protección para evolucionar cara ao cumprimento da demanda de instrumentos de planificación máis amplos, sistematizados e integradores.

O actual sistema cultural, e a danza en particular, precisan dunha redefinición e revisión dos seus alicerces, intereses e necesidades para manter o seu papel protagonista entre a cidadanía. Evidentemente, os actores deste cambio son os artistas, os profesionais da danza nos seus diferentes eidos (o da xestión, o da programación, o da difusión e exhibición, o da empresa, o formativo...) en constante colaboración e diálogo coas administracións. Xa que logo, cómpre ter unha visión actual clara e real da danza para poder traballar nos retos que se terán que superar no presente e no futuro, e, por suposto, coñecer a situación dos recursos cos que o sector da danza conta no seu conxunto.

A Xunta de Galicia, consciente dos grandes retos polos que está a pasar na actualidade o sector da danza en Galicia, constituíu a través da Axencia Galega das Industrias Culturais un grupo de coordinación formado por representantes e profesionais da danza e artes do movemento. A súa finalidade foi a de establecer, a partir dun marco de referencia concreto, os obxectivos e actuacións necesarias para adecuar o sector cultural e creativo da danza e das artes do movemento ás necesidades reais do contexto galego, e para establecer tamén as estratexias conxuntas, en constante diálogo co sector, que aumenten a súa presenza e proxección públicas e potencien un tecido social e empresarial sólido e dinámico.

Froito dese diálogo nace o **Plan Integral para a Danza de Galicia**, unha ferramenta creada de forma compartida para guiar as accións no sector da danza durante os vindeiros anos, pero sendo o suficientemente flexible para adaptarse ás necesidades actuais e ás posibles mudanzas que no futuro poida encarar o sector profesional da danza e das artes do movemento.




1. UN PLAN PARA O SECTOR DA DANZA

1. Un plan para o sector da danza

O **Plan Integral para a Danza de Galicia** xorde do interese da Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega das Industrias Culturais, por dispoñer dun documento público no que, tras un coñecemento reflexivo e compartido, se recollasen as principais liñas de actuación e as prioridades detectadas no sector da danza e das artes do movemento en Galicia.

Mediante o establecemento dun grupo de coordinación formado por profesionais de distintos eidos e representantes da danza e das artes do movemento, desenvolveuse un proceso participativo e transparente con todos os axentes do sector: administración autonómica, salas, empresas e compañías, entidades formativas, programadores, danza tradicional, festivais, etc. Ademais, tras unha primeira reunión para establecer o marco de actuacións, decidiuse conxuntamente a apertura dun período de tempo para a recepción de propostas abertas ao resto da cidadanía que foron posteriormente tratadas nas distintas reunións de traballo.

O resultado final é este documento, o **Plan Integral para a Danza de Galicia**, que será a base principal para o desenvolvemento de actuacións e medidas consensuadas e positivas para o sector nos vindeiros anos. O Plan nace co obxectivo de contribuír a fortalecer, a conservar e a difundir o rico ecosistema creativo da danza en Galicia, ao tempo que se favorece a consolidación das estratexias e liñas de actuación públicas, ademais dun tecido social e empresarial sólido e dinámico. A partir deste documento xurdirá tamén un calendario de posta en marcha das actuacións concretas e da creación de grupos de traballo específicos que velarán polo desenvolvemento das medidas adoptadas, e coa comisión de seguimento do Plan como órgano de revisión e avaliación periódica.



2. OBXECTIVOS, MISIÓN E VISIÓN

2. Obxectivos, misión e visión

A elaboración do **Plan Integral para a Danza de Galicia** xorde da necesidade de reflexionar sobre o funcionamento do sector profesional da danza e das artes do movemento en Galicia para formular respostas operativas aos novos desafíos do século XXI, e para actualizar, renovar e potenciar o dito sector. Un plan estratéxico construído cunha perspectiva ampla da industria cultural e creativa da danza no seu contexto social, económico e xeoestratéxico con respecto ao sistema cultural galego; integrador, plural, aberto á comunidade, e elaborado a partir do debate entre axentes e profesionais que desenvolven o seu labor actualmente no sector da danza e das artes do movemento.

OBXECTIVOS

- >> Dar a coñecer todos os recursos existentes do sector e coñecer as súas potencialidades, impulsando a investigación e a reflexión sobre a danza.
- >> Apoiar e impulsar o talento e o proceso creativo no sector da danza con todos os medios que sexan posibles.
- >> Fortalecer a industria cultural ao redor da danza e das artes do movemento.
- >> Estender a produción, distribución e difusión da danza por todo o territorio de Galicia, achegando a danza a novos públicos e favorecendo a inclusión e a participación na danza de toda a sociedade.
- >> Fomentar a presenza da danza galega fóra das nosas fronteiras.
- >> Canalizar calquera acción que potencie e mellore o sector académico e formativo da danza en Galicia.
- >> Propiciar medidas que favorezan unha maior colaboración entre as administracións, e entre estas e os axentes responsables da danza, co fin de xerar sinerxías e crear contidos de interese para o desenvolvemento do sector.

MISIÓN

A misión do **Plan Integral para a Danza de Galicia** é presentar unha serie de propostas e liñas de actuación que configuren as políticas culturais do sector da danza e das artes do movemento de Galicia nos vindeiros anos como resultado dun proceso aberto de reflexión colectiva.

VISIÓN

A visión que articula o **Plan Integral para a Danza de Galicia** está organizada nos seguintes aspectos:

- >> Fomentar o diálogo permanente e especializado entre administracións e axentes do sector, favorecendo a creación de foros e redes de coordinación e colaboración.
- >> Garantir a máxima difusión da danza, co fin de facilitar a inclusión e a participación de toda a sociedade e entre toda a cidadanía.
- >> Estender a creación, a produción e a distribución das actividades e iniciativas dancísticas descentralizadas por todo o territorio de Galicia, mellorando a democratización da cultura.
- >> Asentar e desenvolver accións e iniciativas de profesionalización do sector para consolidar un tecido empresarial fortalecido que xere postos de traballo e riqueza socioeconómica.
- >> Fomentar a visibilidade e a exportación da danza e das artes do movemento de Galicia no nivel nacional e internacional.
- >> Potenciar a formación educativa dentro do sector para xerar novos públicos e novas demandas culturais no marco das artes escénicas.
- >> Protexer e difundir o patrimonio cultural inmaterial da danza tradicional galega.
- >> Consolidar o papel coordinador do Centro Coreográfico Galego dentro do sector.



3. CRONOGRAMA E FASES DE EXECUCIÓN

3. Cronograma e fases de execución

No último terzo de 2019, a partir das demandas do sector e dende a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega das Industrias Culturais, detectouse a necesidade de actuar sobre o ámbito profesional da danza e das artes do movemento, a varios niveis e en distintos ámbitos (exhibición, produción, creación, formación...). Vista a necesidade global, a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega das Industrias Culturais, ideou o desenvolvemento dun estudo estratéxico integral para o sector profesional da danza de Galicia.

FASE I. DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS E MARCO ESTRATÉXICO (xaneiro de 2020)

Nesta fase realizáronse reunións internas na Axencia Galega das Industrias Culturais para definir os obxectivos básicos cos que establecer o marco estratéxico para o **Plan Integral para a Danza de Galicia**. A partir da detección da necesidade de actuar sobre o sector, reuniuse algunha información técnica e organizativa e deseñouse unha sinxela guía documental para poder estruturar o Plan conxuntamente coas suxestións e propostas dun grupo de expertos e de coordinación.

FASE II. REUNIÓN DE GRUPO DE COORDINACIÓN CON EXPERTOS NO SECTOR PARA DELIBERAR SOBRE A ESTRUTURA DO PLAN (febreiro de 2020, con comunicación vía email e reactivación en abril de 2021 tras concluír a Fase III)

Nesta fase deliberouse sobre a mellor forma de proceder de cara a manter un diálogo transversal entre a administración e o sector da danza. Escoltáronse as propostas a partir dunha reunión dun grupo de coordinación con expertos no sector da danza. Debido ao parón provocado pola Covid-19, mantívose un contacto vía correos electrónicos, avanzándose na

seguinte fase mentres a situación sociosanitaria non melloraba o suficiente para manter reunións en formato físico, anunciándose o Plan á cidadanía, e establecendo unha ferramenta de participación cidadá. Tras o proceso, en abril de 2021, analizáronse os resultados, axustándose a configuración da mesa de coordinación e dando por rematada esta fase.

FASE III. COMUNICACIÓN E PARTICIPACIÓN CIDADÁ PREVIA AO INICIO DO PLAN (febreiro - marzo 2021)

Abriuse un espazo web (<http://www.agadic.gal/Avisos/detalles/704>) con toda a información elaborada ata ese momento, cun formulario de participación, para que calquera persoa, tanto profesional do sector, entidade asociativa, empresa ou cidadanía en xeral, puidese expresar e remitir iniciativas, propostas e actuacións para a mellora do sector da danza en Galicia.

O prazo de apertura do formulario de participación foi de 21 días para dende o momento da súa publicación na web da Axencia Galega das Industrias Culturais, para dar tempo á presentación de propostas previas ao inicio oficial das reunións do Plan. Recibíronse un total de 31 achegas.

FASE IV. REUNIÓN DAS MESAS DE TRABALLO (xullo 2021 - xuño 2022)

Establecéronse un total de nove reunións de grupos de traballo que analizaron distintos eixes temáticos do Plan. Previamente a cada reunión recolleuse, sempre que foi posible, diversa información estatística para establecer un marco da situación actual. Tras cada reunión pasouse ás persoas asistentes un acta coas propostas e medidas e para a súa corrección e confección da acta definitiva, que serviu, en cada caso, de base documental para a elaboración deste informe.

Como engadido ao plan orixinal, tras a mesa de traballo sobre o Centro Coreográfico Galego creouse un documento co borrador propostas extraídas de todo o proceso para que as persoas integrantes do grupo de coordinación clasificaran por prioridades alta, media e baixa, cada unha das ditas propostas. Este documento consensuado foi discutido nunha última mesa de traballo o día 20 de xuño de 2022.

FASE V. ELABORACIÓN DO PLAN INTEGRAL PARA A DANZA (de xullo a outubro de 2022)


Con toda a documentación elaborada na recollida de información e nos grupos de traballo redactouse o Plan Integral para a danza de Galicia. Este documento publicárase na sección web de Axencia Galega das Industrias Culturais no mes de novembro ou decembro de 2022.

FASE VI. GRUPOS DE TRABALLO DO PLAN (novembro 2022)

A partir da posta en marcha do Plan, xerarase un calendario ou cronograma de reunións para empezar a desenvolver os distintos puntos do documento atendendo a varios factores funcionais e administrativos. Está prevista a creación de tres grupos de traballo que contarán coa participación directa de profesionais e especialistas de danza nos seus distintos ámbitos.

FASE VII. REVISIÓN PERIÓDICA DO CUMPRIMENTO DO PLAN (a partir do ano 2023)

Estableceranse unha serie de ítems de avaliación das medidas do Plan Integral para a Danza que serán discutidas periodicamente por parte dunha comisión de seguimento. O Plan terá unha data máxima para a súa execución, cunha clara vontade de renovación e flexibilidade para actualizar os seus obxectivos á realidade cultural de Galicia e do mundo.



4. ASPECTOS METODOLÓGICOS E PROCEDIMIENTO DE ELABORACIÓN DO PLAN

4. Aspectos metodolóxicos e procedemento de elaboración do Plan

Para o desenvolvemento das reunións do **Plan Integral para a Danza de Galicia**, a Axencia Galega das Industrias Culturais reuniu inicialmente un grupo coordinador conformado por profesionais de distintos ámbitos da danza: festivais, espazos de exhibición públicos e privados, danza tradicional, asociacións e outras entidades representativas. Para o Plan estableceuse tamén unha figura coordinadora, que recaeu nun axente cultural independente e externo. O seu labor foi o desenvolvemento e organización das distintas reunións dos grupos, a creación das actas e documentación anexa e un proceso de mediación e canle de comunicación entre a administración e as persoas integrantes da mesa de coordinación, así como de redactor final do Plan a partir das achegas apuntadas nas distintas reunións.

Tras unha primeira reunión deste grupo de coordinación, e despois do parón de case 12 meses que supuxo a pandemia internacional da Covid-19, axustáronse algúns aspectos para ampliar e diversificar a presenza de representantes de todos os ámbitos da danza. Xa que logo, o grupo ou mesa de coordinación definitivo estableceuse do seguinte xeito:

NOME	CARGO / REPRESENTACIÓN
Marta Alonso Tejada	Corpo a Terra / Festivais
Jaime Pablo Díaz Rodríguez	Nova Galega de Danza / Danza tradicional galega
Pedro Fresneda Díaz	Teatro Ensalle / Espazos privados exhibición
Ania González Castiñeira	Plataforma de Artes do Movemento
Carmen María Mejuto Díaz	Plataforma Rescat´Arte
María Paredes Rodríguez	Coordinadora de Programación Axencia Galega das Industrias Culturais
Pilar Peña de Castro	Centro Coreográfico Galego
Pilar Portela Vázquez	Directora do Centro Coreográfico Galego
Paula Quintas Santos	Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas
Xosé Paulo Rodríguez Domínguez	Director Teatro Rosalía de Castro / Espazos
Francisco A. Sieira González	Plataforma da danza galega / Danza tradicional galega
Jacobo Sutil Nesta	Director Axencia Galega das Industrias Culturais
Miguel Valverde Juncal	Coordinador do Plan Integral para a Danza de Galicia

Cadro. Membros da Mesa de Coordinación do Plan Integral para a Danza de Galicia

Ademais das 13 persoas que integraron a mesa ou grupo de coordinación do Plan, nas distintas reunións tívose en conta tamén a ollada de especialistas e profesionais do sector en ámbitos concretos, coa suma de 16 persoas á lista:

- >> Rafael José Anido Alonso
- >> Míkel Arístegui Tello
- >> Gustavo Couto Rodríguez
- >> Luis Miguel Giménez Gendre
- >> Raquel González García
- >> Manuel Lago Graíño
- >> Henrique Peón Mosteiro
- >> Leodán Rodríguez Casas Casas
- >> Ana Rosales Resille
- >> Nuria Sotelo Rodríguez
- >> Caterina Varela Garea
- >> Diego Vázquez Meizoso
- >> Belén Vázquez Merelles
- >> Rubén Vilanova Romero
- >> Cristina Sánchez Legido
- >> Iván Villar Agulleiro

En total, 29 persoas diferentes participaron nas distintas mesas de traballo do Plan. Queremos deixar constancia do agradecemento a estes e estas profesionais pola súa participación e implicación no desenvolvemento do Plan.

Na reunión inicial presentouse a proposta de realización de catro mesas de traballo nas que o grupo de coordinación ía participar:

- >> Mesa de creación e produción de danza
- >> Mesa de distribución e difusión de danza
- >> Mesa de formación en danza
- >> Mesa de avaliación final de medidas

Non obstante, a partir das primeiras reunións para establecer o marco de actuación, ademais de ampliar o número de persoas do grupo de coordinación tamén se ampliaron as mesas de traballo ata un total de nove. Xa que logo, o **Plan Integral para a Danza de Galicia** sufriu diversas modificacións ao longo de toda a súa planificación segundo as necesidades detectadas, e desenvolveuse finalmente nas seguintes reunións:

1) MESA DE PRESENTACIÓN – ESTABLECIMENTO DO GRUPO DE COORDINACIÓN (febreiro de 2020 e reunión online en abril de 2021)

Este grupo de traballo analizou a estrutura organizativa do Plan, con propostas sobre aspectos organizativos, comunicativos e de difusión do mesmo, así como a calendarización das mesas posteriores. Dividiuse en dúas sesións, debido a que a primeira tivo lugar o 18 de febreiro de 2020, pouco antes de que a situación sanitaria global desembocase nunha pandemia e un período de confinamento de tres meses, seguido de varias vagas de contaxios onde as reunións presenciais estiveron desaconselladas ou mesmo prohibidas. De feito, a segunda reunión, para a reactivación do Plan, tivo lugar en formato non presencial o 22 de abril de 2021, na que se valorou o resultado da consulta cidadá sobre o Plan e se reaxustou a organización do grupo de coordinación.

2) MESA DE TRABALLO DO ÁMBITO DE CREACIÓN E PRODUCCIÓN EN DANZA (reunión online o 1 de xullo de 2021)

Analizáronse distintos aspectos artísticos, de xestión e administración dende o punto de vista creativo, axudas, coproducións... Falouse tamén do marco lexislativo das residencias, incluíndose propostas de medidas, iniciativas e actuacións con viabilidade de realización. Debido á densidade de temas deste punto, o grupo de coordinación decidiu desenvolver dúas subcomisións desta mesa:

2A) SUBCOMISIÓN DE RESIDENCIAS ARTÍSTICAS (11 de outubro de 2021)

Nesta subcomisión tratouse especificamente o relacionado coas residencias artísticas con bastante detalle, establecendo unhas bases sobre as que o Plan comezará a traballar a partir da súa posta en marcha.

2B) SUBCOMISIÓN DE SUBVENCIONS E COPRODUCTIONS (19 de outubro de 2021)

Nesta subcomisión tratouse especificamente o relacionado coas subvencións de carácter autonómico (Axencia Galega das Industrias Culturais, Centro Coreográfico Galego...), indicando algúns aspectos de mellora e temas sobre os que traballar no futuro.

3) MESA DE TRABALLO DO ÁMBITO DE DISTRIBUCIÓN E DIFUSIÓN EN DANZA (23 de novembro de 2021)

Debatéronse distintos temas relacionados coa distribución e exhibición, os procesos e estratexias relacionadas coa difusión, etc. Propuxéronse medidas, iniciativas e actuacións, sempre procurando dar prioridade ás máis necesarias e buscando tamén a organización por bloques temáticos.

4) MESA DE TRABALLO DO ÁMBITO DE FORMACIÓN EN DANZA (24 de febreiro de 2022)

Analizáronse distintas medidas, iniciativas e actuacións formativas no sector da danza, sempre procurando dar prioridade ás máis necesarias e buscando tamén a organización por bloques temáticos.

5) MESA DE TRABALLO SOBRE O CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO (21 de abril de 2022)

Esta mesa de traballo xurdiu a partir da petición da mesa de coordinación de facer unha reunión exclusiva sobre o Centro Coreográfico Galego, aínda que no resto das mesas estivo sempre presente por ser un elemento transversal no sector da danza. Analizouse o seu papel actual e como podería mellorar os servizos que ofrece ao sector, con conclusións e iniciativas de grande interese.

6) MESA DE TRABALLO PARA A AVALIACIÓN DE MEDIDAS PRIORIZADAS (20 de xuño de 2022)

Nesta última reunión oficial no que respecta ao Plan Integral para a Danza de Galicia presentáronse un listado de propostas extraídas de todo o proceso que foron priorizadas polas persoas integrantes da mesa de coordinación, pendentes de categorización e ordenación en formato de liñas estratéxicas.



**PLAN INTEGRAL PARA
A DANZA DE GALICIA**

5. Liñas estratéxicas

O **Plan Integral para a Danza de Galicia** componse de **4 eixes ou liñas estratéxicas (LE)** fundamentais, **17 obxectivos estratéxicos (OE)** e **35 medidas** diferentes que dotan ao Plan de capacidade suficiente para ir configurando un proxecto de melloras substanciais para o sector da danza e das artes do movemento nun período amplo de tempo.



>> LIÑA ESTRATÉXICA 1. IMPULSO DA EXHIBICIÓN E DISTRIBUCIÓN DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO.

Esta liña estratéxica recolle todos os obxectivos, medidas e actuacións encamiñadas a dinamizar, potenciar e ampliar o campo de actuación das administracións e entidades encargadas da programación, a distribución e a exhibición en Galicia, con especial atención ao territorio galego menos densamente poboado, pero tamén co obxectivo posto na proxección exterior.



>> LIÑA ESTRATÉXICA 2. FORTALECIMENTO DA CREACIÓN E PRODUCCIÓN DE DANZA E ARTES DO MOVEMENTO.

Esta liña estratéxica centra os seus esforzos no fomento do talento emerxente, a creatividade, as novas e diversas expresións artísticas e as novas formas de xerar cultura a partir da interrelación co patrimonio material e inmaterial de Galicia, así como o papel do Centro Coreográfico Galego nestes procesos.



>> LIÑA ESTRATÉXICA 3. FOMENTO DA PROFESIONALIZACIÓN E DA FORMACIÓN NO SECTOR DA DANZA E ARTES DO MOVEMENTO.

O aspecto formativo é un dos grandes eixes deste Plan, coa finalidade de fortalecer e profesionalizar o sector, impulsar a activade formativa do Centro Coreográfico

Galego, dotar ao sector -e en concreto á danza tradicional galega-, de ferramentas para mellorar a súa situación profesional e promover accións para xerar novos públicos no ámbito formativo.



>> LIÑA ESTRATÉXICA 4. POTENCIACIÓN DA VISIBILIDADE E CREACIÓN DE PÚBLICOS NA DANZA E ARTES DO MOVEMENTO.

Por último, nesta liña estratéxica propóñense iniciativas para xerar novos públicos e aumentar a difusión da danza e das artes do movemento a partir dos medios de comunicación, chegando a toda a sociedade e mellorando as accións de inclusión e a mediación destes novos públicos heteroxéneos. Unha iniciativa adicional é a reactivación da campaña de declaración do baile tradicional galego como Ben de Interese Cultural.

6. Obxectivos estratéxicos

No seguinte apartado desenvólvense, de xeito sucinto e sintético, os distintos obxectivos que compoñen cada liña estratéxica do **Plan Integral para a Danza de Galicia**.

>> LIÑA ESTRATÉXICA 1. IMPULSO DA EXHIBICIÓN E DISTRIBUCIÓN DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO.

OE 1.1. Impulsar a programación da danza e das artes do movemento nos espazos de exhibición de Galicia.

OE 1.2. Ampliar o campo de acción do Centro Coreográfico Galego na promoción e na distribución da danza de Galicia.

OE 1.3. Fomentar a presenza da danza e das artes do movemento en espazos non convencionais.

OE 1.4. Potenciar a proxección exterior e a internacionalización do sector.

OE 1.5. Dinamizar a danza e as artes do movemento no rural galego.

>> LIÑA ESTRATÉXICA 2. FORTALECEMENTO DA CREACIÓN E PRODUCCIÓN DE DANZA E ARTES DO MOVEMENTO.

OE 2.1. Incrementar e diversificar os programas de residencias.

OE 2.2. Avaliar e revisar as axudas, subvencións e apoios da administración autonómica para o sector da danza.

OE 2.3. Fomentar as producións propias e as coproducións do Centro Coreográfico Galego.

OE 2.4. Potenciar a creación emerxente no sector da danza e das artes escénicas.

OE 2.5. Impulsar a heteroxeneidade das linguaxes e artes do movemento en Galicia.

>> LIÑA ESTRATÉXICA 3. FOMENTO DA PROFESIONALIZACIÓN E DA FORMACIÓN NO SECTOR DA DANZA E ARTES DO MOVEMENTO.

OE 3.1. Impulsar a planificación e descentralización da actividade formativa do Centro Coreográfico Galego.

OE 3.2. Impulsar a profesionalización da danza tradicional galega.

OE 3.3. Promover accións de formación e profesionalización da danza no ámbito educativo.

>> LIÑA ESTRATÉXICA 4. POTENCIACIÓN DA VISIBILIDADE E CREACIÓN DE PÚBLICOS NA DANZA E ARTES DO MOVEMENTO.

OE 4.1. Fomentar actividades de mediación.

OE 4.2. Aumentar a visibilidade e a presenza da danza e artes do movemento de Galicia nos medios de comunicación.


OE 4.3. Potenciar actividades inclusivas no ámbito da danza.

OE 4.4. Reactivar a campaña de declaración do baile tradicional galego como Ben de Interese Cultural.

A continuación, pódese acceder a máis información sobre cada un dos obxectivos estratéxicos mediante unhas fichas informativas nas que se sinala a descrición resumida do obxectivo estratéxico; as posibles accións relacionadas e vías ou instrumentos de desenvolvemento do mesmo; cooperadores e axentes con implicación na súa realización; diversos indicadores que poderían utilizarse para avaliar o grao de desenvolvemento do obxectivo estratéxico; así como a súa prioridade dentro do Plan segundo o consenso alcanzado pola mesa de coordinación.


LE 1. IMPULSO DA EXHIBIÇÃO E DISTRIBUCIÓN DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO

OE 1.1. IMPULSAR A PROGRAMACIÓN DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO NOS ESPAZOS DE EXHIBIÇÃO DE GALICIA

Descrición:	<p>Durante o desenvolvemento do Plan, destacou a necesidade de outorgar máis relevancia e presenza ao sector das danza e das artes do movemento nos espazos de exhibición públicos e privados. A Axencia Galega das Industrias Culturais, en colaboración e coordinación co resto dos axentes implicados no sector da danza, desenvolverá plans de actuación e iniciativas para ampliar a visibilidade e a programación das artes do movemento nos distintos espazos de exhibición de Galicia, con especial atención á Rede Galega de Teatros e Auditorios.</p>
Accións relacionadas e desenvolvemento:	<ul style="list-style-type: none"> - Procesos participativos de axentes do sector. - Necesidades culturais dos territorios galegos. - Acordos coa Rede Galega de Teatros e Auditorios. - Desenvolvemento sostible en todas as súas variantes (ambiental, social, económica...). - Propostas e plans específicos de apoio para o impulso da exhibición da danza e artes do movemento. - Mapeo de espazos de exhibición de danza en Galicia.
Cooperadores e axentes con implicación:	<ul style="list-style-type: none"> - Axencia Galega das Industrias Culturais. - Profesionais programadores locais. - Comisión técnica da Rede Galega de Teatros e Auditorios - Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP). - Entidades representativas do sector.
Posibles indicadores de avaliación:	<ul style="list-style-type: none"> - Estatísticas anuais sobre actuacións de danza na Rede Galega de Teatros e Auditorios e porcentaxe con respecto ao total. Resultados cuantitativos sobre espectáculos, recadación, público, por espazos, etc. - Análises e estudos cualitativos. - Avaliación da comisión do Plan Integral para a Danza de Galicia. - Mapa de espazos de exhibición de danza en Galicia.
Prioridade:	 ALTA


LE 1. IMPULSO DA EXHIBIÇÃO E DISTRIBUCIÓN DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO

OE 1.2. AMPLIAR O CAMPO DE ACCIÓN DO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO NA PROMOCIÓN E NA DISTRIBUCIÓN DA DANZA DE GALICIA

Descrición:	Cómpre potenciar o papel do Centro Coreográfico Galego como protagonista e axente principal no proceso de exhibición e distribución da danza e das artes do movemento, atendendo ao mesmo tempo a unha coordinación cos axentes e profesionais do sector, e baixo a perspectiva de temas transversais como a descentralización, a igualdade, a inclusión, etc.
Accións relacionadas e desenvolvemento:	<ul style="list-style-type: none"> - Procesos participativos de axentes do sector. - Necesidades culturais dos territorios galegos. - Potenciación do Centro Coreográfico Galego. - Desenvolvemento sostible en todas as súas variantes (ambiental, social, económica...). - Creación de plans específicos de apoio no Centro Coreográfico Galego para promoción e distribución de danza. - Catálogo de entidades. - Programas de apoio.
Cooperadores e axentes con implicación:	<ul style="list-style-type: none"> - Axencia Galega das Industrias Culturais. - Entidades representativas do sector.
Posibles indicadores de avaliación:	<ul style="list-style-type: none"> - Estatísticas anuais cuantitativas e cualitativas. - Avaliación da comisión do Plan Integral para a Danza de Galicia. - Foro de danza.
Prioridade:	 ALTA


LE 1. IMPULSO DA EXHIBIÇÃO E DISTRIBUCIÓN DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO

OE 1.3. FOMENTAR A PRESENZA DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO EN ESPAZOS NON CONVENCIONAIS

Descrición:	<p>Co dobre obxectivo de dar maior visibilidade e presenza na sociedade e de impulsar a exhibición e distribución territorial da danza e das artes do movemento, este obxectivo estratéxico fomenta a presenza desta disciplina en espazos que non se sitúan no eixe de distribución habitual, trasladando a súa exhibición por todo o territorio galego na procura de novos públicos.</p>
Accións relacionadas e desenvolvemento:	<ul style="list-style-type: none"> - Procesos participativos de axentes do sector. - Necesidades culturais dos territorios galegos. - Valores, hábitos e recursos culturais. - Patrimonio cultural (arquitectónico, artístico, natural...) público e privado. - Promoción turística e novos públicos. - Descentralización. - Desenvolvemento sostible en todas as súas variantes (ambiental, social, económica...). - Sinerxías con outros sectores socioculturais. - Programas de actuación e plans de apoio específicos.
Cooperadores e axentes con implicación:	<ul style="list-style-type: none"> - Axencia Galega das Industrias Culturais. - Programadores de administracións e entidades públicas e privadas. - Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP). - Entidades representativas do sector.
Posibles indicadores de avaliación:	<ul style="list-style-type: none"> - Estatísticas anuais cuantitativas (públicos, dispersión territorial de actividades, espazos...) e cualitativas (análise de espazos, resultados de coordinación e organización, entrevistas, etc.). - Avaliación da comisión do Plan Integral para a Danza de Galicia. - Repercusión en medios de comunicación e redes sociais.
Prioridade:	<div style="display: flex; align-items: center;">  MEDIA </div>


LE 1. IMPULSO DA EXHIBIÇÃO E DISTRIBUCIÓN DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO

OE 1.4. POTENCIAR A PROXECCIÓN EXTERIOR E A INTERNACIONALIZACIÓN DO SECTOR

Descrición:	<p>O impulso da industria cultural e creativa da danza e artes do movemento no exterior é indispensable para aumentar a presenza do sector cultural galego no ámbito nacional e internacional. As propostas encadradas dentro deste obxectivo atinxen unha procura de coordinación cos protagonistas e axentes do sector para desenvolver plans de apoio e potenciar a exportación cultural, así como o fomento da cooperación exterior con entidades administrativas ao mesmo nivel que o Centro Coreográfico Galego ou a Axencia Galega das Industrias Culturais.</p>
Accións relacionadas e desenvolvemento:	<ul style="list-style-type: none"> - Procesos participativos de axentes do sector. - Posicionamento e exportación de profesionais e produtos culturais. - Catálogo de profesionais e compañías do sector e espectáculos. - Difusión e distribución cultural internacional. - Participación e colaboración en feiras e mercados nacionais e internacionais. - Cooperación e programas de actuacións con entidades de danza exteriores. - Plans específicos de apoio.
Cooperadores e axentes con implicación:	<ul style="list-style-type: none"> - Axencia Galega das Industrias Culturais. - Entidades representativas do sector.
Posibles indicadores de avaliación:	<ul style="list-style-type: none"> - Estatísticas anuais cuantitativas (axudas outorgadas, contratos internacionais, proxección exterior, difusión...) e cualitativas (análise de resultados de coordinación, casos de estudo, etc.). - Avaliación da comisión do Plan Integral para a Danza de Galicia. - Catálogos para proxección e promoción internacional (profesionais, actuacións en xira...).
Prioridade:	 MEDIA


LE 1. IMPULSO DA EXHIBIÇÃO E DISTRIBUCIÓN DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO

OE 1.5. DINAMIZAR A DANZA E ARTES DO MOVEMENTO NO RURAL GALEGO

Descrición:	<p>Este obxectivo acolle programacións de fomento do sector da danza e artes do movemento, con atención aos distintos ámbitos de implantación no mundo rural e a súa vinculación con entidades e institucións autonómicas relacionadas co sector, en consonancia cos obxectivos da Axenda 2030. Como un elemento máis de descentralización e de democratización das políticas culturais, a finalidade é desenvolver actuacións de danza e artes do movemento en zonas menos densamente poboadas de Galicia.</p>
Accións relacionadas e desenvolvemento:	<ul style="list-style-type: none">- Procesos participativos de axentes do sector.- Apoio a residencias artísticas.- Apoio a programas de exhibición no rural galego.- Coprodución.- Ferramentas e equipamentos dixitais.- Programas e campañas de difusión e fomento.- Foros e redes de coordinación.
Cooperadores e axentes con implicación:	<ul style="list-style-type: none">- Axencia Galega das Industrias Culturais.- Concellos rurais e deputacións provinciais.- Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).- Entidades representativas do sector.
Posibles indicadores de avaliación:	<ul style="list-style-type: none">- Estatísticas anuais cuantitativas (axudas outorgadas, resultados en público por tipoloxía, actuacións, división de datos por zonas xeográficas e índice de poboación...) e cualitativas (análise de resultados, casos de estudo, etc.).- Avaliación da comisión do Plan Integral para a Danza de Galicia.- Repercusión en medios de comunicación e redes sociais.
Prioridade:	 MEDIA


LE 2. FORTALECIMENTO DA CREAÇÃO E DA PRODUÇÃO DA DANZA E DAS ARTES DO MOVIMENTO

OE 2.1. INCREMENTAR E DIVERSIFICAR OS PROGRAMAS DE RESIDENCIAS

Descrición:	As residencias artísticas son prioritarias para o sector da danza e artes do movemento, unha ferramenta indispensable para o fomento da creatividade, estudo e implantación do profundo traballo reflexivo, que se substancia en produtos intelectuais, representacións ou proxectos novidosos. Este obxectivo pretende atopar as vías necesarias para facer realidade e potenciar as residencias e as súas diferentes tipoloxías e adaptalas aos regulamentos administrativos existentes.
Accións relacionadas e desenvolvemento:	<ul style="list-style-type: none"> - Procesos participativos de axentes do sector. - Mapeo de equipamentos e servizos culturais públicos e privados. - Fomento de residencias, de residencias cruzadas e de actividades formativas en residencia. - Ampliación do programa de apoio, convenios e axudas de residencias. - Análise de tipos de residencias e adecuación a realidade de Galicia.
Cooperadores e axentes con implicación:	<ul style="list-style-type: none"> - Administracións públicas. - Entidades representativas do sector. - Espazos privados que poidan acoller residencias.
Posibles indicadores de avaliación:	<ul style="list-style-type: none"> - Estatísticas de axudas, convenios, contratos, subvencións, actuacións en residencia, colaboracións, etc. - Análises e estudos cualitativos. - Avaliación da comisión do Plan Integral para a Danza de Galicia. - Repercusión en medios de comunicación e redes sociais. - Mapa de espazos para residencias.
Prioridade:	 ALTA


LE 2. FORTALECIMENTO DA CREACIÓN E DA PRODUCCIÓN DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO

OE 2.2. AVALIAR E REVISAR AS AXUDAS, SUBVENCÍONS E APOIOS DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA PARA O SECTOR DA DANZA

Descrición:	Este obxectivo nace da necesidade de manter unha constante revisión das bases de axudas e subvencións, así como doutros apoios que outorga a administración autonómica, dende os seus distintos organismos, para o sector da danza e artes do movemento en Galicia, co fin de achegalas á realidade dos e das profesionais da industria cultural e creativa da danza.
Accións relacionadas e desenvolvemento:	<ul style="list-style-type: none"> - Procesos participativos de axentes do sector. - Análise da situación de partida actual. - Análise periódica do sector da danza.
Cooperadores e axentes con implicación:	<ul style="list-style-type: none"> - Axencia Galega das Industrias Culturais. - Entidades representativas do sector.
Posibles indicadores de avaliación:	<ul style="list-style-type: none"> - Estatísticas de axudas, convenios, contratos, subvencións, actuacións en residencia, colaboracións, etc. - Análises e estudos cualitativos (formularios de suxestións, entrevistas, foro...). - Avaliación da comisión do Plan Integral para a Danza de Galicia.
Prioridade:	 ALTA


LE 2. FORTALECIMENTO DA CREAÇÃO E DA PRODUCCIÓN DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO

OE 2.3. FOMENTAR AS PRODUCCIÓN PROPIAS E COPRODUCCIÓN DO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

Descrición:	Cómpre definir a e determinar a capacidade do Centro Coreográfico para desenvolver producións propias, sempre tendo en conta a realidade orzamentaria para que non existan desaxustes noutros ámbitos do sector. Na procura dese equilibrio avaliarase a conveniencia, formato e estrutura das posibles producións propias, e tamén das coproducións, do Centro Coreográfico Galego.
Accións relacionadas e desenvolvemento:	<ul style="list-style-type: none">- Procesos participativos de axentes do sector.- Proceso de análise de necesidades e adecuación á realidade do sector.- Capacidade operativa e económica do Centro Coreográfico Galego.
Cooperadores e axentes con implicación:	<ul style="list-style-type: none">- Axencia Galega das Industrias Culturais.- Entidades representativas do sector.
Posibles indicadores de avaliación:	<ul style="list-style-type: none">- Avaliación da comisión do Plan Integral para a Danza de Galicia.
Prioridade:	 MEDIA


LE 2. FORTALECIMENTO DA CREAÇÃO E DA PRODUÇÃO DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO


OE 2.4. POTENCIAR A CREAÇÃO EMERXENTE NO SECTOR DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO

Descrición:	O impulso de proxectos e artistas emerxentes no ámbito creativo da danza e artes do movemento ten especial relevancia para o sector, ampliando a súa potencia creadora e xeradora de novas sinerxías e novas miradas. A partir de actuacións no ámbito formativo poderá darse un primeiro paso nun obxectivo clave para o futuro da danza en Galicia.
Accións relacionadas e desenvolvemento:	<ul style="list-style-type: none">- Procesos participativos de axentes do sector.- Actividades formativas.- Capacidade operativa do Centro Coreográfico Galego.- Sinxerxías entre creación emerxente e profesionais do sector.
Cooperadores e axentes con implicación:	<ul style="list-style-type: none">- Axencia Galega das Industrias Culturais.- Entidades representativas do sector.
Posibles indicadores de avaliación:	<ul style="list-style-type: none">- Datos estatísticos do plan formativo do Centro Coreográfico Galego.- Avaliación da comisión do Plan Integral para a Danza de Galicia.
Prioridade:	 MEDIA

LE 2. FORTALECIMENTO DA CREAÇÃO E DA PRODUCCIÓN DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO


OE 2.5. IMPULSAR A HETEROXENEIDADE DAS LINGUAXES DA DANZA E ARTES DO MOVEMENTO EN GALICIA

Descrición:	<p>Existe unha enorme diversidade de linguaxes e artes do movemento en Galicia grazas ao proceso de intercambio cultural e artístico que se está a producir continuamente. Sen perder de vista a importancia da danza tradicional galega, que terá o seu lugar prioritario, este obxectivo céntrase en impulsar e fomentar esta diversidade cultural e creativa con medidas encamiñadas a procurar unha maior visibilidade das linguaxes artísticas da danza.</p>
Accións relacionadas e desenvolvemento:	<ul style="list-style-type: none"> - Procesos participativos de axentes do sector. - Adecuación á realidade do sector. - Programa formativo do Centro Coreográfico Galego. - Atención a linguaxes de danza minoritarias con apoio da Axencia Galega das Industrias Culturais. - Apoio prioritario á danza tradicional galega. - Catálogo de entidades, profesionais e espectáculos.
Cooperadores e axentes con implicación:	<ul style="list-style-type: none"> - Axencia Galega das Industrias Culturais. - Administracións públicas. - Entidades representativas do sector.
Posibles indicadores de avaliación:	<ul style="list-style-type: none"> - Avaliación da comisión do Plan Integral para a Danza de Galicia. - Estatísticas do plan de axudas por tipo de linguaxe artística, contratos, exhibición, públicos, etc. - Plan de comunicación e recollida de necesidades. - Repercusión en medios de comunicación e redes sociais.
Prioridade:	 BAIXA

LE 3. FOMENTO DA PROFESIONALIZACIÓN E DA FORMACIÓN NO SECTOR DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO	
OE 3.1. IMPULSAR A PLANIFICACIÓN E DESESTACIONALIZACIÓN DA ACTIVIDADE FORMATIVA DO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO	
Descrición:	O Centro Coreográfico Galego está a desenvolver xa un plan formativo de xeito activo e intenso. Este obxectivo introduce medidas consensuadas para impulsar, diversificar e mellorar o plan formativo en varias fronteas atendendo á realidade do sector en Galicia, entendendo que a formación continuada en materias artísticas e transversais das persoas profesionais da danza e artes do movemento é indispensable para propiciar un aumento cualitativo e cuantitativo desta industria cultural e creativa. Este obxectivo tamén se centra na dispersión xeográfica e baixo a perspectiva da Axenda 2030, coa finalidade de distribuír xeograficamente a formación de xeito progresivo ata que sexa facilmente atinxible para o persoal profesional da danza e para a sociedade en xeral.
Accións relacionadas e desenvolvemento:	<ul style="list-style-type: none"> - Procesos participativos de axentes do sector. - Plan formativo do Centro Coreográfico Galego. - Atención ás necesidades detectadas e á heteroxeneidade do sector. - Desestacionalización da actividade formativa. - Descentralización da actividade formativa. - Espazos que poidan acoller actividades formativas. - Formación transversal.
Cooperadores e axentes con implicación:	<ul style="list-style-type: none"> - Axencia Galega das Industrias Culturais. - Entidades representativas do sector. - Espazos que poidan acoller actividades formativas.
Posibles indicadores de avaliación:	<ul style="list-style-type: none"> - Estatísticas do plan de formación e análises cualitativas. - Avaliación da comisión do Plan Integral para a Danza de Galicia.
Prioridade:	 ALTA


LE 3. FOMENTO DA PROFESIONALIZACIÓN E DA FORMACIÓN NO SECTOR DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO

OE 3.2. IMPULSAR A PROFESIONALIZACIÓN DA DANZA TRADICIONAL GALEGA

Descrición:	Cómpre aumentar o nivel de profesionalización no ámbito da danza tradicional galega como un paso máis na consolidación da industria cultural e creativa das artes do movemento e como un elemento máis de apoio ao patrimonio cultural inmaterial de Galicia. Este obxectivo estratéxico propón varias actuacións e medidas en consonancia con esta liña.
Accións relacionadas e desenvolvemento:	<ul style="list-style-type: none">- Procesos participativos de axentes do sector.- Actividades formativas.- Plan formativo do Centro Coreográfico Galego.- Flexibilidade nos baremos de axudas.- Programas de apoio específicos.
Cooperadores e axentes con implicación:	<ul style="list-style-type: none">- Axencia Galega das Industrias Culturais.- Entidades representativas do sector.
Posibles indicadores de avaliación:	<ul style="list-style-type: none">- Estatísticas de axudas.- Estatísticas de formación (participación, necesidades).- Análises e estudos cualitativos.- Avaliación da comisión do Plan Integral para a Danza de Galicia.
Prioridade:	 BAIXA


LE 3. FOMENTO DA PROFESIONALIZACIÓN E DA FORMACIÓN NO SECTOR DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO

OE 3.3. PROMOVER ACCIÓNS DE FORMACIÓN E PROFESIONALIZACIÓN DA DANZA NO ÁMBITO EDUCATIVO

Descrición:	A Axencia Galega das Industrias Culturais manterá contactos estreitos coa parte de educación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades co fin de propiciar actividades formativas na educación académica e tamén para promover a capacitación profesional no ámbito da danza e artes do movemento, xa que existe un gran número de profesionais que teñen moita experiencia no sector pero carecen de títulos que avalen a súa capacidade.
Accións relacionadas e desenvolvemento:	<ul style="list-style-type: none">- Definición das necesidades e posibilidades de acción.- Procura de solucións e actividades formativas.- Promoción de programas de impulso no sector educativo.
Cooperadores e axentes con implicación:	<ul style="list-style-type: none">- Axencia Galega das Industrias Culturais e administracións públicas.- Entidades representativas do sector.
Posibles indicadores de avaliación:	<ul style="list-style-type: none">- Estatísticas dos programas de capacitación e de programas formativos en escolas.- Análises e estudos cualitativos.- Avaliación da comisión do Plan Integral para a Danza de Galicia.
Prioridade:	 BAIXA


LE 4. POTENCIACIÓN DA VISIBILIDADE E CREACIÓN DE PÚBLICOS NA DANZA E ARTES DO MOVEMENTO

OE 4.1. FOMENTAR ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN

Descrición:	Este obxectivo pon de manifesto a necesidade de que se desenvolvan accións de mediación, asesoría e coordinación entre os diferentes axentes implicados no sector da danza e artes do movemento co fin de aumentar os públicos interesados nas artes do movemento.
Accións relacionadas e desenvolvemento:	<ul style="list-style-type: none"> - Procesos participativos de axentes do sector. - Encuentros, foros, talleres e redes. - Análise de tipos de mediación segundo as necesidades detectadas. - Programas de apoio. - Equipos e servizos culturais públicos e privados.
Cooperadores e axentes con implicación:	<ul style="list-style-type: none"> - Administracións públicas. - Entidades representativas do sector.
Posibles indicadores de avaliación:	<ul style="list-style-type: none"> - Avaliación da comisión do Plan Integral para a Danza de Galicia. - Estatísticas de asistencia, de axudas, convenios, etc. - Análises e estudos cualitativos.
Prioridade:	 MEDIA


LE 4. POTENCIACIÓN DA VISIBILIDADE E CREACIÓN DE PÚBLICOS NA DANZA E ARTES DO MOVEMENTO

OE 4.2. AUMENTAR A VISIBILIDADE E A PRESENZA DA DANZA E ARTES DO MOVEMENTO NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Descrición:	Para conseguir aumentar os públicos interesados na danza e nas artes do movemento, ademais do polo formativo e do polo de impulso á creación e exhibición, cómpre traballar na difusión das actividades e na realización de campañas publicitarias e informativas, poñendo en valor esta actividade cultural. Aumentar a visibilidade e a presenza da danza en redes sociais e medios de comunicación é un obxectivo clave dentro dese proceso.
Accións relacionadas e desenvolvemento:	<ul style="list-style-type: none"> - Procesos participativos de axentes do sector. - Estratexias e plans de difusión. - Convenios con medios de comunicación públicos e privados. - Campañas publicitarias e de difusión informativa en redes sociais e medios de comunicación.
Cooperadores e axentes con implicación:	<ul style="list-style-type: none"> - Axencia Galega das Industrias Culturais. - Entidades representativas do sector. - Redes sociais institucionais e doutras entidades.
Posibles indicadores de avaliación:	<ul style="list-style-type: none"> - Estatísticas de impactos en medios tradicionais e en redes sociais. - Análises e estudos cualitativos, estudos de caso. - Avaliación da comisión do Plan Integral para a Danza de Galicia.
Prioridade:	 MEDIA


LE 4. POTENCIACIÓN DA VISIBILIDADE E CREACIÓN DE PÚBLICOS NA DANZA E ARTES DO MOVEMENTO

OE 4.3. POTENCIAR ACTIVIDADES INCLUSIVAS NO ÁMBITO DA DANZA E ARTES DO MOVEMENTO

Descrición:	A capacidade da danza como axente inclusivo é innegable. Supón unha ferramenta que permite a integración social sen necesidade de comunicación verbal, mediante o uso do corpo e do movemento de formas non necesariamente convencionais para transmitir a emoción dunha expresión artística. Este obxectivo aborda o fomento de actividades inclusivas que melloren o acceso de novos públicos ao sector da danza, en consonancia coas medidas da Axenda 2030.
Accións relacionadas e desenvolvemento:	<ul style="list-style-type: none">- Procesos participativos de axentes do sector.- Actividades formativas.- Accións da Axencia Galega das Industrias Culturais.- Equipamentos e servizos culturais públicos e privados.- Plans específicos en consonancia coa Axenda 2030.
Cooperadores e axentes con implicación:	<ul style="list-style-type: none">- Axencia Galega das Industrias Culturais.- Entidades representativas do sector.- Asociacionismo e entidades relacionadas cos distintos ámbitos de inclusión.
Posibles indicadores de avaliación:	<ul style="list-style-type: none">- Avaliación da comisión do Plan Integral para a Danza de Galicia.- Estatísticas de participación e resultados dos plans de apoio.- Análises e estudos cualitativos, estudos de caso ou plans piloto.
Prioridade:	 BAIXA

LE 4. POTENCIACIÓN DA VISIBILIDADE E CREACIÓN DE PÚBLICOS NA DANZA E ARTES DO MOVEMENTO

OE 4.4. REACTIVAR A CAMPAÑA DE DECLACIÓN DO BAILE TRADICIONAL GALEGO COMO BEN DE INTERESE CULTURAL

Descrición:	Existe unha clara vontade e determinación por parte das plataformas, entidades asociativas, profesionais do sector e administración de que o baile tradicional galego retome os pasos necesarios para que sexa considerada como Ben de Interese Cultural. Este obxectivo pon de manifesto esa pretensión, coas medidas necesarias para a súa consecución seguindo os pasos e canles axeitadas.
Accións relacionadas e desenvolvemento:	<ul style="list-style-type: none"> - Procesos participativos de axentes do sector. - Apoio dende a Axencia Galega das Industrias Culturais e dende outras institucións e entidades do sector. - Contactos nacionais e internacionais. - Campañas de difusión en medios e entre a sociedade.
Cooperadores e axentes con implicación:	<ul style="list-style-type: none"> - Axencia Galega das Industrias Culturais. - Dirección Xeral de Patrimonio. - Profesionais do sector da danza tradicional galega e sector asociativo.
Posibles indicadores de avaliación:	<ul style="list-style-type: none"> - Avaliación da comisión do Plan Integral para a Danza de Galicia. - Finalización do proceso de declaración do baile tradicional galego como Ben de Interese Cultural.
Prioridade:	 BAIXA

7. Medidas e actuacións

Como xa se comentou, **Plan Integral para a Danza de Galicia** componse de 4 liñas estratéxicas, 17 obxectivos estratéxicos e un total de 35 medidas concertas. Nos seguintes cadros resumo establécese a estrutura esquemática sobre as distintas medidas que se engloban no Plan, extraídas e consensuadas nas distintas reunións entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e o sector profesional galego da danza e artes do movemento:

LIÑA ESTRATÉXICA 1. IMPULSO E DISTRIBUCIÓN DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO	
OE 1.1. IMPULSAR A PROGRAMACIÓN DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO NOS ESPAZOS DE EXHIBICIÓN DE GALICIA	1.1.1. Posta en común dos datos de programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios referentes á danza e artes do movemento.
	1.1.2. Impulso da exhibición da danza e artes do movemento na Rede Galega de Teatros e Auditorios.
	1.1.3. Elaboración dun mapa dos espazos de exhibición de danza en Galicia.
OE 1.2. AMPLIAR O CAMPO DE ACCIÓN DO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO NA PROMOCIÓN E DISTRIBUCIÓN DA DANZA DE GALICIA	1.2.1. Creación dun grupo de traballo co sector para tratar aspectos de exhibición e distribución.
	1.2.2. Organización dun foro periódico con axentes do sector.
OE 1.3. FOMENTAR A PRESENZA DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO EN ESPAZOS NON CONVENCIONAIS	1.3.1. Desenvolvemento de actividades e programas en espazos non convencionais.
OE 1.4. POTENCIAR A PROYECCIÓN EXTERIOR E A INTERNACIONALIZACIÓN DO SECTOR	1.4.1. Coordinación co sector para establecer a asistencia a eventos estratéxicos internacionais.
	1.4.2. Impulso da colaboración exterior e o diálogo con outros centros coreográficos e casas de danza do territorio nacional e europeo.
OE 1.5. DINAMIZAR A DANZA E AS ARTES DO MOVEMENTO NO RURAL GALEGO	1.5.1. Impulso á descentralización de proxectos de dinamización do sector en todo o territorio galego.

LIÑA ESTRATÉXICA 2. FORTALECEMENTO DA CREACIÓN E PRODUCCIÓN DE DANZA E ARTES DO MOVEMENTO

OE 2.1. INCREMENTAR E DIVERSIFICAR OS PROGRAMAS DE RESIDENCIAS	2.1.1. Elaboración dun mapa de espazos con condicións idóneas para acoller residencias segundo a súa tipoloxía
	2.1.2. Análise e creación dunha liña de residencias.
OE 2.2. AVALIAR E REVISAR AS AXUDAS, SUBVENCIONS E APOIOS DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA PARA O SECTOR DA DANZA	2.2.1. Redución das representacións xustificativas nas subvencións de creación escénica para danza e artes do movemento.
	2.2.2. Constitución dun grupo de traballo para revisar as bases das convocatorias de subvencións de danza e de coproducións do Centro Coreográfico Galego.
OE 2.3. FOMENTAR AS PRODUCCIÓNS PROPIAS E COPRODUCCIÓN DO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO	2.3.1. Análise e avaliación da conveniencia de realizar producións propias e coproducións no Centro Coreográfico Galego.
OE 2.4. POTENCIAR A CREACIÓN EMERXENTE NO SECTOR DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO	2.4.1. Fomento da participación de profesionais do sector en actividades dirixidas a creadores e creadoras emerxentes.
	2.4.2. Impulso da asistencia de creadores/as emerxentes aos ensaios, residencias e encontros organizados no Centro Coreográfico Galego ou nos que colabore a Axencia Galega das Industrias Culturais.
OE 2.5. IMPULSAR A HETEROXENEIDADE DAS LINGUAXES DA DANZA E ARTES DO MOVEMENTO EN GALICIA	2.5.1. Fomento da presenza de diversas disciplinas de danza, en especial a danza tradicional galega, nos programas de xencia Galega das Industrias Culturais.

LIÑA ESTRATÉXICA 3. FOMENTO DA PROFESIONALIZACIÓN E DA FORMACIÓN NO SECTOR DA DANZA E ARTES DO MOVEMENTO

OE 3.1. IMPULSAR A PLANIFICACIÓN E DESCENTRALIZACIÓN DA ACTIVIDADE FORMATIVA DO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO	3.1.1. Coordinación co sector profesional para o desenvolvemento de propostas formativas.
	3.1.2. Ampliación das actividades formativas a todas as expresións e linguaxes de danza, con especial atención á danza tradicional galega.
	3.1.3. Desestacionalización do plan formativo do Centro Coreográfico Galego.
	3.1.4. Elaboración dun mapa de espazos que poidan acoller actividades formativas.
	3.1.5. Descentralización do plan de actividades formativas e de residencias.
	3.1.6. Inclusión de axentes nacionais e internacionais do sector no plan formativo do Centro Coreográfico Galego.
	3.1.7. Potenciación da formación transversal para profesionais do sector.
OE 3.2. IMPULSAR A PROFESIONALIZACIÓN DA DANZA TRADICIONAL GALEGA	3.2.1. Desenvolvemento e realización de actividades e cursos de danza tradicional no plan de formación que sexan puntuables nas coproducións do Centro Coreográfico Galego.
OE 3.3. PROMOVER ACCIÓNS DE FORMACIÓN E PROFESIONALIZACIÓN DA DANZA NO ÁMBITO EDUCATIVO	3.3.1. Desenvolvemento de ferramentas para a acreditación de competencias profesionais sen titulación regrada mediante o recoñecemento da experiencia laboral.
	3.3.2. Fomento da inclusión dunha materia ou curso de danza dentro do plan educativo.



LIÑA ESTRATÉXICA 4. POTENCIACIÓN DA VISIBILIDADE E CREACIÓN DE PÚBLICOS NA DANZA E ARTES DO MOVEMENTO

<p>OE 4.1. FOMENTAR ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN</p>	<p>4.1.1. Planificación e desenvolvemento de actividades e programas de mediación para fomentar novos públicos.</p>
<p>OE 4.2. AUMENTAR A VISIBILIDADE E A PRESENZA DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO DE GALICIA NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN</p>	<p>4.2.1. Creación de campañas publicitarias nos medios de comunicación.</p>
	<p>4.2.2. Difusión dende as redes sociais das distintas programacións, plans e actividades de danza e das artes do movemento.</p>
	<p>4.2.3. Divulgación das actividades internacionais do sector da danza e das artes do movemento de Galicia.</p>
<p>OE 4.3. POTENCIAR ACTIVIDADES INCLUSIVAS NO ÁMBITO DA DANZA</p>	<p>4.3.1. Desenvolvemento de actividades no plan formativo do Centro Coreográfico Galego que favorezan a inclusión.</p>
	<p>4.3.2. Impulso á presenza e participación de persoas con discapacidade en espectáculos e actividades profesionais de danza e artes do movemento.</p>
<p>OE 4.4. REACTIVAR A CAMPAÑA DE DECLARACIÓN DO BAILE TRADICIONAL GALEGO COMO BEN DE INTERESE CULTURAL</p>	<p>4.4.1. Impulso e apoio no proceso de reactivación da campaña de Ben de Interese Cultural para o baile tradicional galego.</p>
	<p>4.4.2. Desenvolvemento de campañas de apoio, informativas e publicitarias ao baile tradicional galego para a súa declaración como Ben de Interese Cultural.</p>

A mesa de coordinación do **Plan Integral para a Danza de Galicia** estableceu unha clasificación de obxectivos e medidas segundo prioridades (alta, media baixa), co fin de determinar aquelas actuacións ás que lle hai que prestar máis atención e apoio, aínda que a intencionalidade do Plan sexa ir traballando, na medida do tempo e das posibilidades da administración, en todos os campos posibles independentemente da súa prioridade.

A continuación, sinálanse polo miúdo en fichas técnicas informativas as medidas e actuacións concretas se pretenden desenvolver no Plan, neste caso ordenadas por liñas estratéxicas e obxectivos estratéxicos, cunha breve descrición, accións propostas, axentes con implicación na medida, indicadores de execución e relacións con outras medidas do Plan:

LE 1. IMPULSO DA EXHIBICIÓN E DISTRIBUCIÓN DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO	
OE 1.1. IMPULSAR A PROGRAMACIÓN DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO NOS ESPAZOS DE EXHIBICIÓN DE GALICIA	
MEDIDA 1.1.1. Posta en común dos datos de programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios referentes á danza e artes do movemento.	
 ALTA	
Descrición:	A Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA) é unha ferramenta indispensable para a exhibición e difusión da danza en Galicia, pero precisa desenvolverse un labor de coñecemento sobre a programación de danza existente na actualidade, así como a súa evolución.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none"> - Reunirse coa Comisión Técnica da RGTA para dar a coñecer o Plan e dispoñer dunha actualización de datos de programación de danza. - Analizar os datos e elaborar unha proposta de melloras para a rede que potencien a presenza da danza e artes do movemento.
Axentes con implicación:	Axencia Galega das Industrias Culturais, Rede Galega de Teatros e Auditorios, grupo de traballo do Plan.
Indicadores execución:	Estatísticas de presenza da danza e artes do movemento na RGTA; evolución ou análise comparativo da dita presenza; informe do grupo de traballo sobre a exhibición e distribución de danza e artes do movemento na RGTA.
Medidas relacionadas:	1.1.2. • 1.1.3. • 1.2.1.

LE 1. IMPULSO DA EXHIBIÇÃO E DISTRIBUCIÓN DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO	
OE 1.1. IMPULSAR A PROGRAMACIÓN DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO NOS ESPAZOS DE EXHIBIÇÃO DE GALICIA	
MEDIDA 1.1.2. Impulso da exhibición da danza e artes do movemento na Rede Galega de Teatros e Auditorios	 ALTA
Descrición:	En colaboración co sector profesional da danza, a Axencia Galega das Industrias Culturais elaborará unha serie de actuacións que potencien e aumenten a presenza da danza e das artes do movemento na Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA), as cales se achegarán á súa comisión técnica para que tome en consideración. Procurarase sempre unha atención específica á danza dentro das características concretas da rede.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none"> - Reunirse coa Comisión Técnica para buscar melloras na programación anual da RGTA e mellorar os ratios de exhibición e difusión de danza na rede. - Desenvolver unha proposta para transmitir á Comisión Técnica da RGTA.
Axentes con implicación:	Axencia Galega das Industrias Culturais, Rede Galega de Teatros e Auditorios, grupo de traballo do Plan.
Indicadores execución:	Evolución dos datos anuais de programación de actuacións de danza e artes do movemento na Rede Galega de Teatros e Auditorios.
Medidas relacionadas:	1.1.1. • 1.1.3. • 1.2.1.
MEDIDA 1.1.3. Elaboración dun mapa dos espazos de exhibición de danza en Galicia	 BAIXA
Descrición:	Para poder desenvolver unha correcta distribución da actividade en danza e de calquera arte escénica, cómpre ter un coñecemento axeitado dos espazos públicos e privados que existen na comunidade galega, correctamente analizados e catalogados cos datos que poidan ser necesarios para a axeitada organización previa da exhibición.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none"> - Crear unha ficha de características técnicas e un censo de espazos de exhibición da RGTA con capacidade para acoller actuacións de danza. - Valorar e remitir a ficha aos espazos, realizándose un seguimento para obter a maior cantidade de datos dispoñibles. - Difundir os datos nas canles oportunas, para que os profesionais do sector poidan facer uso dos datos no seu desenvolvemento laboral. - Desenvolver un labor de extrapolación a outros espazos de exhibición e difusión fóra da RGTA na medida das posibilidades operativas.
Axentes con implicación:	Axencia Galega das Industrias Culturais, Rede Galega de Teatros e Auditorios, concellos, deputacións, profesionais do sector da danza, axentes públicos e privados, grupo de traballo do Plan.
Indicadores execución:	Mapa de espazos de exhibición para danza e artes do movemento
Medidas relacionadas:	1.2.1. • 1.3.1 • 1.5.1. // 2.1.1. • 2.1.2. // 3.1.4.

LE 1. IMPULSO DA EXHIBIÇÃO E DISTRIBUCIÓN DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO

OE 1.2. AMPLIAR O CAMPO DE ACCIÓN DO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO NA PROMOCIÓN E DISTRIBUCIÓN DA DANZA DE GALICIA

MEDIDA 1.2.1. Creación dun grupo de traballo co sector para tratar temas de exhibición e distribución



Descrición:	Un dos obxectivos fixados nas reunións co sector da danza e artes do movemento foi a necesidade de que exista unha coordinación dende o Centro Coreográfico Galego para analizar e debater cuestións relacionadas coa creación, a promoción e a distribución da danza e das artes do movemento en Galicia.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none"> - Configurar unha mesa ou grupo de traballo que acolla representantes dos ámbitos da danza relacionados coa exhibición e a distribución. - Levar a cabo reunións de certa periodicidade co fin de analizar os retos do Plan e avaliar as medidas tomadas.
Axentes con implicación:	Axencia Galega das Industrias Culturais, representantes profesionais da programación, distribución, e das compañías profesionais de danza.
Indicadores execución:	Informes e actas das reunións do grupo de traballo.
Medidas relacionadas:	1.1.1. • 1.1.2. • 1.2.2. • 1.3.1. • 1.4.1. • 1.5.1

MEDIDA 1.2.2. Organización dun foro periódico con axentes do sector



Descrición:	A necesidade de acoller foros de colaboración e de debate, e abertos é unha realidade, sobre todo co fin de analizar e dar a coñecer iniciativas e boas prácticas tanto no territorio galego como en España e no ámbito internacional.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver un foro periódico en colaboración co sector e co grupo de traballo do Plan. - Analizar os temas para debater en cada edición. - Difundir, publicitar e dar visibilidade ao evento.
Axentes con implicación:	Axencia Galega das Industrias Culturais, profesionais da exhibición e da programación, asociacionismo.
Indicadores execución:	Desenvolvemento do foro, impactos mediáticos, actas.
Medidas relacionadas:	1.2.1.


LE 1. IMPULSO DA EXHIBICIÓN E DISTRIBUCIÓN DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO

OE 1.3. IMPULSAR A PRESENZA DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO EN ESPAZOS NON CONVENCIONAIS

MEDIDA 1.3.1. Desenvolvemento de actividades e programas en espazos non convencionais



Descrición:	É necesario achegar a exhibición da danza a novos espazos que contribúan a xerar sinerxías, acceso a novos públicos e conexións emocionais entre as artes do movemento patrimonio cultural, arquitectónico, espazos de ocio ou outros espazos inicialmente non pensados para o desenvolvemento destas actuacións culturais.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none"> - Elaborar un mapa ou catálogo de espazos non convencionais. - Procurar novos espazos susceptibles de albergar espectáculos de danza e artes do movemento. - Crear programas contextualizados co espazo, co ámbito cultural e patrimonial ou actividade que se desenvolva nel.
Axentes con implicación:	Concellos, deputacións, Consellería do Medio Rural, Consellería de Cultura (especialmente a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural), Turismo de Galicia, espazos concretos por titularidade (pública, privada...), etc.
Indicadores execución:	Mapa de espazos non convencionais. Estatísticas de públicos, actuacións, espazos (reparto territorial), etc.
Medidas relacionadas:	1.1.3. • 1.2.1. • 1.5.1. // 4.2.1. • 4.2.2.

LE 1. IMPULSO DA EXHIBIÇÃO E DISTRIBUCIÓN DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO	
OE 1.4. POTENCIAR A PROXECCIÓN EXTERIOR E A INTERNACIONALIZACIÓN DO SECTOR	
MEDIDA 1.4.1. Coordinación co sector para establecer a asistencia a eventos estratéxicos internacionais	
	
Descrición:	Co fin de potenciar a proxección exterior do sector da danza e das artes do movemento, desenvolverase unha análise dos eventos e actividades internacionais de carácter estratéxico en coordinación co sector da danza, levándose a cabo accións que faciliten a asistencia aos ditos eventos a profesionais do sector.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar os eventos e actividades estratéxicas para o sector. - Desenvolver campañas e accións de apoio para facilitar a asistencia aos profesionais do sector (apoio, bolsas, axudas...). - Avaliar o actual sistema de axudas a distribución exterior e os resultados obtidos, e propor novas estratexias. - Crear catálogos de profesionais, compañías e os seus espectáculos en repertorio.
Axentes con implicación:	Administracións e entidades con competencias no sector, profesionais do sector da danza, asociacionismo, redes.
Indicadores execución:	Estatísticas de participación, contratacións exteriores, subvencións concedidas, catálogos...
Medidas relacionadas:	1.2.1. • 1.4.2. // 4.2.3.
MEDIDA 1.4.2. Impulso da colaboración exterior e o diálogo con outros centros coreográficos e casas de danza do territorio nacional e europeo	
	
Descrición:	É importante manter unha colaboración intensa con outros centros similares en obxectivos operativos e estrutura co Centro Coreográfico Galego que desenvolven o seu labor en todo o territorio europeo. Isto favorecerá o intercambio de ideas, boas prácticas e sinerxías entre estas entidades e entre diversos profesionais do sector.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none"> - Participar en reunións e foros de centros similares ao Centro Coreográfico Galego. - Manter un diálogo permanente, compartir experiencias e potenciar sinerxías. - Desenvolver e participar en programas de actuacións exteriores.
Axentes con implicación:	Centro Coreográfico Galego, asociacionismo, profesionais do sector.
Indicadores execución:	Informe de actuacións, estatísticas de intercambio de experiencias e profesionais, etc.
Medidas relacionadas:	1.4.1. // 3.1.6. // 4.2.3

LE 1. IMPULSO DA EXHIBICIÓN E DISTRIBUCIÓN DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO

OE 1.5. DINAMIZAR A DANZA E AS ARTES DO MOVEMENTO NO RURAL GALEGO

MEDIDA 1.5.1. Impulso á descentralización de proxectos de dinamización do sector en todo o territorio galego



Descrición:	Con esta medida preténdese desenvolver e apoiar proxectos e programas de dinamización da danza e das artes do movemento en contornas rurais e menos densamente poboadas de Galicia. Hai que ter en conta, ademais, que a descentralización dos recursos e programas culturais e o desenvolvemento de accións de danza en zonas menos densamente poboadas se sitúa na actualidade como un dos obxectivos e retos prioritarios no ámbito das políticas culturais europeas.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none">- Levar a cabo campañas de difusión e fomento no rural.- Impulsar acordos cos concellos rurais de Galicia para dedicar espazos públicos á exhibición da danza.- Propiciar e fomentar a configuración de redes de concellos rurais próximos xeograficamente para a distribución e exhibición de danza e artes do movemento.
Axentes con implicación:	Administracións e entidades con competencias no sector, profesionais do sector da danza e asociacionismo.
Indicadores execución:	Resultados das axudas de actividades culturais (entre elas a danza) e outras estatísticas con datos de públicos, de dispersión territorial da actividade cultural e por aspectos demográficos.
Medidas relacionadas:	1.1.3. • 1.2.1. • 1.3.1. // 2.1.1. // 3.1.4. • 3.1.5. // 4.2.1. • 4.2.2.

LE 2. FORTALECIMENTO DA CREACIÓN E PRODUCCIÓN DE DANZA E ARTES DO MOVEMENTO

OE 2.1. INCREMENTAR E DIVERSIFICAR OS PROGRAMAS DE RESIDENCIAS

MEDIDA 2.1.1. Elaboración dun mapa de espazos con condicións idóneas para acoller residencias segundo a súa tipoloxía



Descrición:	Para poder actuar sobre o obxectivo estratéxico do desenvolvemento de programas de residencias cómpre primeiro contar cun panorama actual de espazos idóneos para acoller residencias, as súas características técnicas, calendarios, etc.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none"> - Xerar unha ficha identificadora coas características necesarias para desenvolver residencias, así como as súas condicións de cesión e uso. - Colaborar co sector para elaborar un censo inicial de espazos aptos para o desenvolvemento de residencias. - Facer un seguimento do proceso e elaborar un documento ou mapa accesible á cidadanía cos datos obtidos.
Axentes con implicación:	Axencia Galega das Industrias Culturais, espazos de residencias, profesionais do sector, concellos e deputacións, asociacionismo e centros formativos privados.
Indicadores execución:	Mapa de residencias artísticas para danza e artes do movemento, estatísticas de artistas, tipoloxía de residencias, actividades, resultados a curto-medio e a longo prazo, etc.
Medidas relacionadas:	1.1.3. // 2.1.2 • 2.2.2. • 2.4.2. // 3.1.4. • 3.1.5. // 4.2.1. • 4.2.2.

MEDIDA 2.1.2. Análise e creación dunha liña de residencias



Descrición:	A partir das distintas reunións mantidas, así como noutras achegas e peticións, detectouse a necesidade de crear unha liña de residencias. Aínda que se vai avaliar a súa conveniencia, esta liña de residencias funcionará baixo dúas modalidades: tradicional e de investigación.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none"> - Deseñar as liñas de residencias co sector. - Buscar asesoramento doutras entidades de fóra de Galicia. - Poñer en marcha as liñas de residencias e avaliar os resultados.
Axentes con implicación:	Axencia Galega das Industrias Culturais e mesa ou grupo de traballo, profesionais do sector, espazos que acollerán residencias.
Indicadores execución:	Apoios diversos a residencias nas modalidades tradicional e de investigación, estatísticas cos resultados e número de solicitantes, avaliación do grupo de traballo e proposta de melloras.
Medidas relacionadas:	2.1.1. • 2.2.2. • 2.4.2. // 3.1.5.

LE 2. FORTALECIMENTO DA CREACIÓN E PRODUCCIÓN DE DANZA E ARTES DO MOVEMENTO

OE 2.2. AVALIAR E REVISAR AS AXUDAS, SUBVENCÍONS E APOIOS DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA PARA O SECTOR DA DANZA

MEDIDA 2.2.1. Redución de representacións xustificativas nas subvencións de creación escénica para danza e artes do movemento



Descrición:	Tras unha análise baseada en experiencias do sector, dentro das reunións do Plan chegouse a un acordo para a diminución das representacións mínimas esixidas para xustificar as subvencións de creación escénica para danza e artes do movemento, que pasará de 5 a 3.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none"> - Modificar nas seguintes edicións das subvencións o número de representacións mínimas esixidas, pasando de 5 a 3. - Avaliar, en vindeiras edicións, o impacto acadado, por se fose necesario realizar modificacións.
Axentes con implicación:	Axencia Galega das Industrias Culturais e grupo de traballo do Plan.
Indicadores execución:	Informe de execución das axudas, consultas e avaliación da mesa de traballo.
Medidas relacionadas:	2.2.2.

MEDIDA 2.2.2. Constitución dun grupo de traballo para revisar as bases das convocatorias de subvencións de danza e de coproducións do Centro Coreográfico Galego



Descrición:	Existe a necesidade de contar coa colaboración e experiencia do sector profesional da danza para ter en conta as necesidades das subvencións de danza e das coproducións do Centro Coreográfico Galego adaptadas á situación de cada momento.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none"> - Constituír unha mesa de traballo representativa do sector. - Realizar reunións para revisar e avaliar os textos das convocatorias relacionadas co sector.
Axentes con implicación:	Axencia Galega das Industrias Culturais, profesionais do sector e asociacionismo.
Indicadores execución:	Actas das mesas ou grupos de traballo, estatísticas das axudas, contratos, etc.
Medidas relacionadas:	2.1.1. • 2.1.2. • 2.2.1. • 2.3.1. • 2.4.1. • 2.4.2. • 2.5.1. // 3.2.1.

LE 2. FORTALECEMENTO DA CREACIÓN E PRODUCCIÓN DE DANZA E ARTES DO MOVEMENTO

OE 2.3. FOMENTAR AS PRODUCCIÓN PROPÍAS E COPRODUCCIÓN DO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

MEDIDA 2.3.1. Análise e avaliación da conveniencia de realizar producións propias e coproducións no Centro Coreográfico Galego



Descrición:	O Centro Coreográfico Galego, como espazo de referencia no desenvolvemento de actividades relacionadas coa danza e as artes do movemento, debe investigar as posibilidades de realizar producións propias e coproducións, tendo en conta sempre as capacidades operativas, orzamentarias e administrativas da entidade.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none">- Desenvolver un informe que analice e avalíe as posibilidades de realizar producións propias e coproducións no Centro Coreográfico Galego.- Colaborar con outros axentes profesionais da danza para analizar a adecuación das producións propias e coproducións no Centro Coreográfico Galego á realidade do sector.
Axentes con implicación:	Axencia Galega das Industrias Culturais e profesionais do sector.
Indicadores execución:	Informe de avaliación e propostas.
Medidas relacionadas:	2.2.2. • 3.2.1.

LE 2. FORTALECIMENTO DA CREAÇÃO E PRODUÇÃO DE DANZA E ARTES DO MOVEMENTO

OE 2.4. POTENCIAR A CREAÇÃO EMERXENTE NO SECTOR DA DANZA E ARTES DO MOVEMENTO

MEDIDA 2.4.1. Fomento da participación dos profesionais do sector en actividades dirixidas a creadores e creadoras emerxentes






Descrición:	Co obxectivo de favorecer o acceso ao mercado de futuros profesionais do sector, unha das medidas extraídas das reunións do Plan foi que se desenvolvan accións de colaboración entre creación emerxente e o colectivo de profesionais do sector, e fomentar que este último participe en actividades dirixidas a novos e novas profesionais do sector ou na última etapa formativa.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none"> - Fomentar a asistencia de profesionais de dirección e coreografía a cursos de formación do plan formativo do Centro Coreográfico Galego, a castings, audicións, etc. - Propiciar canles de comunicación e diálogo entre profesionais e creadores e creadoras emerxentes.
Axentes con implicación:	Centro Coreográfico Galego, conservatorios, centros escolares e profesionais do sector.
Indicadores execución:	Estatísticas sobre actividades formativas.
Medidas relacionadas:	2.2.2. • 2.4.2.



MEDIDA 2.4.2. Impulso da asistencia de creadores/as emerxentes aos ensaios, residencias e encontros organizados polo Centro Coreográfico Galego ou nos que colabore a Axencia Galega das Industrias Culturais






Descrición:	En consonancia coa medida anterior, potenciarase a asistencia de creadores emerxentes a ensaios de profesionais do sector, o cal fomentará o establecemento de redes de contacto, intercambio de ideas e, en último termo, no fortalecemento creativo.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none"> - Impulsar a asistencia de creadores e creadoras emerxentes a ensaios, residencias e encontros do sector profesional. - Propiciar a creación de foros de intercambio de ideas.
Axentes con implicación:	Axencia Galega das Industrias Culturais, residencias, profesionais do sector, conservatorios, etc.
Indicadores execución:	Estatísticas de públicos en actividades profesionais, constancia de proxectos colaborativos entre profesionais e creación emerxente.
Medidas relacionadas:	2.1.2. • 2.2.2. • 2.3.1. • 2.4.1.

LE 2. FORTALECEMENTO DA CREACIÓN E PRODUCCIÓN DE DANZA E ARTES DO MOVEMENTO	
OE 2.5. IMPULSAR A HETEROXENEIDADE DAS LINGUAXES DA DANZA E ARTES DO MOVEMENTO EN GALICIA	
MEDIDA 2.5.1. Fomento da presenza de diversas disciplinas de danza, en especial a danza tradicional galega, nos programas da Axencia Galega das Industrias Culturais	
	
Descrición:	Con esta medida quere poñerse o foco nas múltiples disciplinas existentes no sector e que, moitas veces, quedan relegadas a un segundo plano por ter menos demanda. A Axencia Galega das Industrias Culturais potenciará esta diversidade, con especial atención ao baile tradicional galego como parte do noso patrimonio cultural inmaterial máis relevante neste ámbito.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none"> - Modificar os criterios de avaliación para ponderar a danza tradicional galega. - Impulsar a multidisciplinariedade (residencias, difusión...). - Favorecer a innovación con criterios específicos puntuables nas axudas e apoios da Axencia Galega das Industrias Culturais.
Axentes con implicación:	Axencia Galega das Industrias Culturais, profesionais do sector, asociacionismo.
Indicadores execución:	Estatísticas de formación por disciplinas, asistencia de públicos, análises cualitativas, boas prácticas e/ou estudos de caso.
Medidas relacionadas:	2.1.2. • 2.2.2. • 2.3.1. // 3.1.2.

LE 3. FOMENTO DA PROFESIONALIZACIÓN E DA FORMACIÓN NO SECTOR DA DANZA E ARTES DO MOVEMENTO	
OE 3.1. IMPULSAR A PLANIFICACIÓN E DESCENTRACIONALIZACIÓN DA ACTIVIDADE FORMATIVA DO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO	
MEDIDA 3.1.1. Coordinación co sector profesional para o desenvolvemento de propostas formativas	
	
Descrición:	O Centro Coreográfico Galego desenvolverá unha planificación formativa máis achegada ás necesidades detectadas grazas a un constante diálogo co sector profesional.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none"> - Crear un grupo de traballo formativo co sector profesional. - Analizar as necesidades formativas profesionais. - Articular as ditas necesidades segundo as posibilidades operativas do Centro Coreográfico Galego.
Axentes con implicación:	Axencia Galega das Industrias Culturais, profesionais do sector e grupo de traballo do Plan.
Indicadores execución:	Análise de necesidades formativas para o Centro Coreográfico Galego, estatísticas anuais e informe de propostas.
Medidas relacionadas:	3.1.2. • 3.1.3. • 3.1.4. • 3.1.5. • 3.1.6. • 3.1.7. • 3.2.1.
MEDIDA 3.1.2. Ampliación das actividades formativas a todas as expresións e linguaxes de danza, con especial atención á danza tradicional galega	
	
Descrición:	Esta medida céntrase no desenvolvemento de accións de fomento das diversas disciplinas e linguaxes de artes do movemento dentro do plan formativo do Centro Coreográfico Galego e doutras actividades formativas, centrando o foco na danza tradicional galega.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none"> - Ampliar a oferta formativa das disciplinas de danza, atendendo sempre á demanda. - Desenvolver campañas informativas para potenciar a presenza de público nas actividades formativas. - Fomentar a danza tradicional galega con accións de potenciación e presenza.
Axentes con implicación:	Axencia Galega das Industrias Culturais, profesionais do sector e asociacionismo.
Indicadores execución:	Estatísticas da formación e asistencia, análises cualitativas.
Medidas relacionadas:	2.5.1. // 3.1.1. • 3.1.3. • 3.1.4. • 3.1.5. • 3.1.6. • 3.1.7. • 3.2.1.

LE 3. FOMENTO DA PROFESIONALIZACIÓN E DA FORMACIÓN NO SECTOR DA DANZA E ARTES DO MOVEMENTO	
OE 3.1. IMPULSAR A PLANIFICACIÓN E DESCENTRACIONALIZACIÓN DA ACTIVIDADE FORMATIVA DO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO	
MEDIDA 3.1.3. Desestacionalización do plan formativo do Centro Coreográfico Galego	
	
Descrición:	Cómpre adaptar as distintas propostas formativas do Centro Coreográfico Galego ás condicións e cargas laborais do sector da danza e artes do movemento, limitando estas propostas nos meses do ano e nos días da semana de máis densidade e carga de traballo do sector e aumentando a oferta no resto do tempo.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none"> - Crear un grupo de traballo formativo co sector profesional. - Analizar as necesidades formativas profesionais axeitadas ás condicións laborais específicas. - Articular as ditas necesidades formativas segundo as posibilidades operativas do Centro Coreográfico Galego.
Axentes con implicación:	Axencia Galega das Industrias Culturais, profesionais do sector, asociacionismo, escolas e conservatorios, etc.
Indicadores execución:	Estatísticas de oferta formativa por meses, asistencia.
Medidas relacionadas:	3.1.1. • 3.1.2. • 3.1.4. • 3.1.5. • 3.1.6. • 3.1.7 • 3.2.1.
MEDIDA 3.1.4. Elaboración dun mapa de espazos que poidan acoller actividades formativas	
	
Descrición:	O Plan ten en conta a necesidade de coñecer o ecosistema de infraestruturas para poder desenvolver as súas medidas e actuacións. Neste sentido, co obxectivo posto en potenciar a descentralización da actividade formativa, cómpre ter un coñecemento exhaustivo de espazos que poidan acoller actividades formativas, tanto públicos como privados.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none"> - Elaborar un censo previo coa axuda do sector de posibles espazos aptos. - Elaborar unha ficha con datos que determinen as características dos espazos. - Coa axuda do sector, distribuír as fichas e analizar os resultados para desenvolver o mapa.
Axentes con implicación:	Axencia Galega das Industrias Culturais, profesionais do sector, asociacionismo, escolas e conservatorios, etc.
Indicadores execución:	Mapa de espazos para desenvolver actividades formativas do Centro Coreográfico Galego.
Medidas relacionadas:	1.1.3. // 2.1.1. // 3.1.1. • 3.1.2. • 3.1.3. • 3.1.5. • 3.1.6. • 3.1.7 • 3.2.1.

LE 3. FOMENTO DA PROFESIONALIZACIÓN E DA FORMACIÓN NO SECTOR DA DANZA E ARTES DO MOVEMENTO	
OE 3.1. IMPULSAR A PLANIFICACIÓN E DESCENTRALIZACIÓN DA ACTIVIDADE FORMATIVA DO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO	
MEDIDA 3.1.5. Descentralización do plan de actividades formativas e de residencias	
	
Descrición:	No desenvolvemento do Plan detectouse a necesidade de distribuír a actividade formativa e de residencias do sector na maior cantidade de espazos do territorio galego. Esta medida mellorará a achega da danza a públicos e ámbitos sociais que, ata o momento, están a ter dificultades para acceder á dita oferta, e buscará a colaboración con diversas entidades.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none"> - Establecer co sector un número de actuacións formativas e de residencias axeitada ao orzamento, e á súa distribución territorial. - Colaborar con outras administracións para o apoio loxístico, busca de espazos, e na distribución da oferta formativa. - Analizar casos de boas prácticas e resultados para propor melloras.
Axentes con implicación:	Axencia Galega das Industrias Culturais, concellos, deputacións, profesionais do sector, asociacionismo, centros formativos públicos e privados.
Indicadores execución:	Actas das reunións do grupo de traballo do Plan, estatísticas sobre as actividades, a súa distribución territorial, etc.
Medidas relacionadas:	2.1.1. • 2.1.2. • 2.4.1. // 3.1.1. • 3.1.2. • 3.1.3. • 3.1.4. • 3.2.1.
MEDIDA 3.1.6. Inclusión de axentes profesionais nacionais e internacionais do sector no plan formativo do Centro Coreográfico Galego	
	
Descrición:	Esta medida busca crear sinerxías entre as administracións e os distintos sectores da danza e das artes do movemento para aproveitar a presenza de axentes profesionais cualificados en ámbitos como coreografía, xestión, dirección de centros coreográficos, etc., no plan formativo do Centro Coreográfico Galego, pero tamén noutros eventos que desenvolvan o resto de axentes do sector implicados neste proceso de colaboración.
Accións propostas:	- Impulsar a creación de redes e contactos para compartir a presenza de profesionais especializados que poidan dar formación relacionada coa danza e as artes do movemento.
Axentes con implicación:	Axencia Galega das Industrias Culturais, Rede Galega de Teatros e Auditorios, concellos, deputacións, profesionais do sector, centros formativos.
Indicadores execución:	Estatísticas de colaboracións co sector e presenza de axentes externos no plan formativo
Medidas relacionadas:	1.4.2. // 2.4.1. • 2.4.2.

LE 3. FOMENTO DA PROFESIONALIZACIÓN E DA FORMACIÓN NO SECTOR DA DANZA E ARTES DO MOVEMENTO	
OE 3.1. IMPULSAR A PLANIFICACIÓN E DESCENTRACIONALIZACIÓN DA ACTIVIDADE FORMATIVA DO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO	
MEDIDA 3.1.7. Potenciación da formación transversal para profesionais do sector	
	 MEDIA
Descrición:	Durante as reunións mantidas no Plan detectouse a necesidade de que os profesionais da danza e das artes do movemento teñan acceso a unha oferta formativa transversal, e non unicamente sobre o sector. Por poñer algúns exemplos, falouse da xestión de subvencións (elaboración, xustificación...), acompañamento e asesoría, distribución, fiscalidade, contratación pública, saúde laboral, etc.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none"> - En colaboración co sector, determinar as necesidades máis importantes e elaborar unha proposta formativa adaptada. - Analizar outras opcións formativas transversais tendo en conta cuestións de inclusión, xénero, accesibilidade, etc.
Axentes con implicación:	Axencia Galega das Industrias Culturais, grupo de traballo do Plan, sector profesional, asociacionismo, centros formativos.
Indicadores execución:	Estatísticas sobre a oferta formativa transversal e número de ocupación desta oferta formativa.
Medidas relacionadas:	3.1.1. • 3.1.3. • 3.1.4. • 3.1.5.



LE 3. FOMENTO DA PROFESIONALIZACIÓN E DA FORMACIÓN NO SECTOR DA DANZA E ARTES DO MOVEMENTO

OE 3.2. IMPULSAR A PROFESIONALIZACIÓN DA DANZA TRADICIONAL GALEGA

MEDIDA 3.2.1. Desenvolvemento e realización de actividades e cursos de danza tradicional galega no plan formativo que sexan puntuables nas coproducións do Centro Coreográfico Galego



Descrición:	Co obxectivo posto na profesionalización e capacitación no sector da danza tradicional galega, o Centro Coreográfico Galego desenvolverá, dentro do seu plan formativo, unha serie de actividades e cursos que sexan puntuables nos criterios de avaliación das distintas convocatorias de subvencións.
Accións propostas:	- Expandir a oferta de actividades e cursos formativos que sirvan para aumentar a puntuación das axudas, subvencións e apoios para a danza tradicional galega.
Axentes con implicación:	Axencia Galega das Industrias Culturais, profesionais do sector.
Indicadores execución:	Estatísticas do plan formativo do Centro Coreográfico Galego.
Medidas relacionadas:	3.1.1. • 3.1.2. • 3.1.3. • 3.1.4. • 3.1.5. • 3.1.6. • 3.1.7.

LE 3. FOMENTO DA PROFESIONALIZACIÓN E DA FORMACIÓN NO SECTOR DA DANZA E ARTES DO MOVEMENTO	
OE 3.3. PROMOVER ACCIÓNS DE FORMACIÓN E PROFESIONALIZACIÓN DA DANZA NO ÁMBITO EDUCATIVO	
MEDIDA 3.3.1. Desenvolvemento de ferramentas para a acreditación de competencias profesionais sen titulación regrada mediante o recoñecemento da experiencia laboral	
	
Descrición:	A existencia de moitos profesionais do sector que levan anos traballando e adquirindo as súas competencias profesionais sen titulación é unha realidade que provoca situacións con varias accións para paliar. A partir de contactos co Ministerio de Traballo a intención da Axencia Galega de Industrias Culturais é fomentar o desenvolvemento ferramentas que permitan acreditar as competencias profesionais mediante o recoñecemento da experiencia laboral que posúen estas persoas.
Accións propostas:	- Establecer contactos co Ministerio de Traballo. - Instar e impulsar o diálogo cos distintos axentes implicados con capacidade operativa.
Axentes con implicación:	Instituto Nacional de las Cualificaciones, Instituto Galego das Cualificacións, Ministerio de Traballo, Xunta de Galicia.
Indicadores execución:	Consecución dalgún tipo de acreditación de competencias profesionais e estatísticas anuais sobre o número de persoas beneficiadas.
Medidas relacionadas:	3.3.2.
MEDIDA 3.3.2. Fomento da inclusión dunha materia ou curso de danza dentro do plan educativo	
	
Descrición:	Unha das necesidades na creación de novos profesionais e novos públicos é a achega e a toma de contacto da danza dende idades máis novas, nos centros educativos. Este eixo formativo fundamental só se pode conseguir propiciando, mediante conversas con Educación, a creación de ferramentas e proxectos de inclusión de materias, cursos ou elementos curriculares no ámbito formativo.
Accións propostas:	- Recoller iniciativas dende o sector. - Establecer contactos con Educación e tratar vías de colaboración na medida das posibilidades existentes.
Axentes con implicación:	Axencia Galega das Industrias Culturais, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
Indicadores execución:	Desenvolvemento de programas ou cursos de danza en centros de ensino.
Medidas relacionadas:	3.3.1.

LE 4. POTENCIACIÓN DA VISIBILIDADE E CREACIÓN DE PÚBLICOS NA DANZA E ARTES DO MOVEMENTO

OE 4.1. FOMENTAR ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN

MEDIDA 4.1.1. Planificación e desenvolvemento de actividades e programas de mediación para fomentar novos públicos



Descrición:	Existe a necesidade de crear e fomentar a participación de novos públicos interesados na danza e nas artes escénicas. Unha das maneiras de cubrir esa necesidade é dotar os profesionais do sector con programas de mediación.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none">- Detectar as necesidades de mediación existentes nos distintos ámbitos do sector.- Desenvolver actividades e programas de formación de profesionais da xestión cultural.- Impulsar a presenza de alumnado dos centros escolares en distintos actos e eventos de danza e artes do movemento.
Axentes con implicación:	Sector formativo e educativo, profesionais da danza e artes do movemento e administracións representativas do sector.
Indicadores execución:	Estatísticas de axudas e convenios, de hábitos e consumo cultural, etc.
Medidas relacionadas:	3.1.1.

LE 4. POTENCIACIÓN DA VISIBILIDADE E CREACIÓN DE PÚBLICOS NA DANZA E ARTES DO MOVEMENTO

OE 4.2. AUMENTAR A VISIBILIDADE E A DIFUSIÓN DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO DE GALICIA NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

MEDIDA 4.2.1. Creación de campañas publicitarias nos medios de comunicación



Descrición:	Un dos obxectivos fundamentais para que a danza acade unha maior relevancia social é achegarse a novos públicos dende varias fronteiras: formación, novos espazos de exhibición ou, neste caso, difusión e campañas informativas. Esta medida céntrase na creación de diversas campañas de publicidade que fagan máis visible a presenza das artes do movemento na sociedade.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none"> - Usar plataformas comunicativas diversas (radio, televisión, prensa...). - Crear campañas concretas dirixidas a sectores diversos da sociedade co fin de facer máis visibles as actividades culturais das artes do movemento.
Axentes con implicación:	Administracións relacionadas, mesa de traballo do Plan, medios de comunicación, asociacionismo e profesionais do sector.
Indicadores execución:	Impactos mediáticos, aumento do coñecemento sobre as actividades do sector pola cidadanía, estatísticas de consumo e de hábitos culturais.
Medidas relacionadas:	4.2.2.

MEDIDA 4.2.2. Difusión dende as redes sociais das distintas programacións, plans e actividades de danza e das artes do movemento



Descrición:	Esta medida incide no uso das redes sociais da Axencia Galega das Industrias Culturais e de profesionais do sector para difundir as actividades de danza, programas, plans, etc. O obxectivo é achegarse a novos públicos potenciais utilizando as ferramentas de difusión con máis capacidade de penetración nas novas xeracións.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver campañas de difusión atractivas e pensando na audiencia que consome información neste tipo de plataformas. - Usar redes sociais segmentadas para acadar distintos públicos con diferentes campañas.
Axentes con implicación:	Axencia Galega das Industrias Culturais.
Indicadores execución:	Impactos mediáticos, aumento do coñecemento sobre as actividades do sector pola cidadanía, cancelos promocionais en redes sociais...
Medidas relacionadas:	4.2.1.

LE 4. POTENCIACIÓN DA VISIBILIDADE E CREACIÓN DE PÚBLICOS NA DANZA E ARTES DO MOVEMENTO



OE 4.2. AUMENTAR A VISIBILIDADE E A DIFUSIÓN DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO DE GALICIA NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

MEDIDA 4.2.3. Divulgación das actividades internacionais do sector da danza e das artes do movemento de Galicia



BAIXA

Descrición:	Como parte do proceso de internacionalización da cultura galega e, ao mesmo tempo, co fin de dar a coñecer á cidadanía a potencia creadora do sector profesional e creativo das artes do movemento, cómpre que se divulgue a participación e éxitos do sector no exterior: premios, participación en festivais e outras actividades internacionais de interese nas distintas redes sociais, etc.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none">- Compartir e difundir eventos e accións internacionais coa cidadanía e entre os distintos axentes do sector da danza.- Usar plataformas comunicativas diversas (radio, televisión, prensa, internet...).- Crear campañas de difusión.
Axentes con implicación:	Axencia Galega das Industrias Culturais, medios de comunicación, redes e entidades no exterior.
Indicadores execución:	Impactos mediáticos, aumento do coñecemento sobre as actividades do sector pola cidadanía.
Medidas relacionadas:	1.4.1. • 1.4.2.

LE 4. POTENCIACIÓN DA VISIBILIDADE E CREACIÓN DE PÚBLICOS NA DANZA E ARTES DO MOVEMENTO	
OE 4.3. POTENCIAR ACTIVIDADES INCLUSIVAS NO ÁMBITO DA DANZA	
MEDIDA 4.3.1. Desenvolvemento de actividades no plan formativo do Centro Coreográfico Galego que favorezan a inclusión	
	
Descrición:	Dentro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030, a redución das desigualdades é un punto clave. A inclusión e a accesibilidade cultural de distintos sectores sociais son dos piares básicos deste obxectivo (persoas con discapacidade, competencias comunicativas limitadas, falta de coñecementos previos...). Un dos ámbitos nos que se pode actuar é no formativo, e, nese aspecto, esta medida pretende ter en conta o factor de inclusión no plan formativo do Centro Coreográfico Galego mediante o desenvolvemento de actividades e propostas que aborden estas cuestións.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none"> - Recoller boas prácticas no territorio galego, nacional e europeo. - Colaborar con proxectos europeos que teñan como finalidade accións de mellora na inclusión e accesibilidade cultural. - Desenvolver actividades formativas a partir da experiencia recollida. - Iniciar un proceso de escoita activa das necesidades de distintas entidades en termos de inclusión, accesibilidade, etc.
Axentes con implicación:	Axencia Galega das Industrias Culturais, Consellería de Cultura, Educación Formación Profesional e Universidades, profesionais e asociacionismo relacionado con temas de inclusión, profesionais da danza...
Indicadores execución:	Estatísticas de actividades que favorezan a inclusión e de persoas beneficiarias.
Medidas relacionadas:	3.1.1. • 3.1.2. • 3.2.2. // 4.1.1.
MEDIDA 4.3.2. Impulso á presenza e participación de persoas con discapacidade en espectáculos e actividades profesionais de danza e artes do movemento	
	
Descrición:	Esta medida procura establecer accións de apoio e impulso á participación de profesionais con discapacidade nas actuacións que se desenvolvan en Galicia, en consonancia co apuntado na medida anterior.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none"> - Apoiar iniciativas sociais e campañas que busquen a inclusión no ámbito da danza (asociacionismo, redes, campañas publicitarias, etc.). - Procurar unha mellora nas convocatorias de axudas para favorecer a inclusión de persoas con discapacidade. - Desenvolver unha análise de boas prácticas. - Adecuarse á nova Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.
Axentes con implicación:	Administracións e entidades representativas do sector, profesionais do sector da danza tradicional galega e sector asociativo.
Indicadores execución:	Estatísticas de participación, adecuación das accións á nova Lei de cultura inclusiva de Galicia.
Medidas relacionadas:	4.3.1.

LE 4. POTENCIACIÓN DA VISIBILIDADE E CREACIÓN DE PÚBLICOS NA DANZA E ARTES DO MOVEMENTO

OE 4.4. REACTIVAR A CAMPAÑA DE DECLARACIÓN DO BAILE TRADICIONAL GALEGO COMO BEN DE INTERESE CULTURAL

MEDIDA 4.4.1. Impulso e apoio no proceso de reactivación da campaña de Ben de Interese Cultural para o baile tradicional galego



Descrición:	En colaboración con outras entidades e profesionais do ámbito do baile tradicional galego e de toda a sociedade no seu conxunto, a Axencia Galega das Industrias Culturais procurará apoiar en varias fronteas o proceso de reactivación da campaña para que este importante patrimonio inmaterial sexa declarado como Ben de Interese Cultural.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none"> - Apoiar a reactivación da campaña mediante colaboracións co sector. - Apoiar no ámbito administrativo, de xestión e formalización documental, e de contactos nacionais e internacionais. - Facer seguimento de todo o proceso co fin de avaliar os pasos necesarios para a consecución do obxectivo.
Axentes con implicación:	Administracións e entidades representativas do sector, así como profesionais do sector da danza tradicional galega e sector asociativo.
Indicadores execución:	Declaración do baile tradicional galego como Ben de Interese Cultural.
Medidas relacionadas:	4.4.2.

MEDIDA 4.4.2. Desenvolvemento de campañas de apoio, informativas e publicitarias ao baile tradicional galego para a súa declaración como BIC



Descrición:	A través de medios de comunicación e redes sociais, desenvolverase unha campaña publicitaria para xerar un sentimento social de apoio á candidatura do baile tradicional galego como Ben de Interese Cultural.
Accións propostas:	<ul style="list-style-type: none"> - Creación dunha campaña publicitaria. - Uso de plataformas comunicativas diversas (radio, televisión, prensa, internet...). - Procura de apoios e iniciativas sociais, actividades escolares, etc.
Axentes con implicación:	Medios de comunicación, administracións e entidades representativas do sector, profesionais do sector da danza tradicional galega e sector asociativo, ámbito educativo, etc.
Indicadores execución:	Declaración do baile tradicional galego como Ben de Interese Cultural.
Medidas relacionadas:	4.2.1. • 4.2.2. • 4.4.1.


MEDIDAS CATEGORIZADAS POR PRIORIDADES

Por último, de xeito esquemático, clasifícanse as medidas por orde de prioridade tal e como foron determinadas pola mesa de coordinación do Plan Integral para a Danza de Galicia:

MEDIDAS DE PRIORIDADE ALTA	
1	1.1.2. Impulso da exhibición da danza e artes do movemento na Rede Galega de Teatros e Auditorios.
2	1.1.1. Posta en común dos datos de programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios referentes á danza e artes do movemento.
3	2.1.2. Análise e creación dunha liña de residencias.
4	2.2.2. Constitución dun grupo de traballo para revisar as bases das convocatorias de subvencións de danza e de coproducións do Centro Coreográfico Galego.
5	3.1.1. Coordinación co sector profesional para o desenvolvemento de propostas formativas.
6	2.2.1. Redución das representacións xustificativas nas subvencións de creación escénica para danza e artes do movemento.
7	3.1.5. Descentralización do plan de actividades formativas e de residencias.
8	1.2.1. Creación dun grupo de traballo co sector para tratar aspectos de exhibición e distribución.
9	3.1.3. Desestacionalización do plan formativo do Centro Coreográfico Galego.
MEDIDAS DE PRIORIDADE MEDIA	
10	1.3.1. Desenvolvemento de actividades e programas en espazos non convencionais.
11	1.4.1. Coordinación co sector para establecer a asistencia a eventos estratéxicos internacionais.
12	1.4.2. Impulso da colaboración exterior e o diálogo con outros centros coreográficos e casas de danza do territorio nacional e europeo.
13	2.4.1. Fomento da participación de profesionais do sector en actividades dirixidas a creadores e creadoras emerxentes.
14	2.4.2. Impulso da asistencia de creadores/as emerxentes aos ensaios, residencias e encontros organizados no Centro Coreográfico Galego ou nos que colabore a Axencia Galega das Industrias Culturais.
15	3.1.7. Potenciación da formación transversal para profesionais do sector.
16	2.3.1. Análise e avaliación da conveniencia de realizar producións propias e coproducións no Centro Coreográfico Galego.
17	1.5.1. Impulso á descentralización de proxectos de dinamización do sector en todo o territorio galego.
18	1.2.2. Organización dun foro periódico con axentes do sector.
19	3.1.6. Inclusión de axentes nacionais e internacionais do sector no plan formativo do Centro Coreográfico Galego.
20	4.1.1. Planificación e desenvolvemento de actividades e programas de mediación para fomentar novos públicos.
21	4.2.1. Creación de campañas publicitarias nos medios de comunicación.

MEDIDAS DE PRIORIDADE BAIXA

22	2.5.1. Fomento da presenza de diversas disciplinas de danza, en especial a danza tradicional galega, nos programas da Axencia Galega das Industrias Culturais.
23	3.1.2. Ampliación das actividades formativas a todas as expresións e linguaxes de danza, con especial atención á danza tradicional galega.
24	4.4.1. Impulso e apoio no proceso de reactivación da campaña de Ben de Interese Cultural para o baile tradicional galego.
25	4.4.2. Desenvolvemento de campañas de apoio, informativas e publicitarias ao baile tradicional galego para a súa declaración como BIC.
26	2.1.1. Elaboración dun mapa de espazos con condicións idóneas para acoller residencias segundo a súa tipoloxía
27	1.1.3. Elaboración dun mapa dos espazos de exhibición de danza en Galicia.
28	3.1.4. Elaboración dun mapa de espazos que poidan acoller actividades formativas.
29	4.2.2. Difusión dende as redes sociais das distintas programacións, plans e actividades de danza e das artes do movemento.
30	4.2.3. Divulgación das actividades internacionais do sector da danza e das artes do movemento de Galicia.
31	3.2.1. Desenvolvemento e realización de actividades e cursos de danza tradicional no plan de formación que sexan puntuables nas coproducións do Centro Coreográfico Galego.
32	4.3.1. Desenvolvemento de actividades no plan formativo do Centro Coreográfico Galego que favorezan a inclusión.
33	4.3.2. Impulso á presenza e participación de persoas con discapacidade en espectáculos e actividades profesionais de danza e artes do movemento.
34	3.3.1. Desenvolvemento de ferramentas para a acreditación de competencias profesionais sen titulación regrada mediante o recoñecemento da experiencia laboral.
35	3.3.2. Fomento da inclusión dunha materia ou curso de danza dentro do plan educativo.



8. DESENVOLVIMENTO DO PLAN

8. Desenvolvemento do Plan

O **Plan Integral para a Danza de Galicia** é resultado dun proceso colaborativo e participativo promovido pola Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega das Industrias Culturais, no que formaron parte membros das asociacións, profesionais e colectivos representativos do sector da danza e das artes do movemento. En liña con este enfoque, e mais co acordado nas distintas reunións do grupo de coordinación, para o desenvolvemento das liñas estratéxicas, dos obxectivos estratéxicos e das medidas e prioridades definidas, vaise establecer un cronograma inicial de actuacións que servirá como folla de ruta para a posta en marcha e desenvolvemento das medidas reflectidas no Plan Integral para a Danza de Galicia.

Despois deste marco contextual, constituirase unha comisión de seguimento do Plan, encargada de valorar o grao de implantación e cumprimento das distintas medidas consensuadas. Esta comisión terá, como primeira misión, elaborar un primeiro informe sobre aquelas medidas que, durante o transcurso das distintas reunións do Plan, xa se foron executando.

Tras a constitución desta comisión, crearanse grupos de traballo asignados a ela, e integrados na medida do posible por representantes do sector e da Axencia Galega das Industrias Culturais. Estes grupos da comisión, que aparecen na propia redacción do Plan, serán os encargados de traballar no desenvolvemento das medidas e na recollida dos resultados obtidos co fin de avaliar a efectividade das mesmas. Buscarase que os ditos grupos sexan representativos, contando con entidades do sector en cada ámbito de traballo, pero sempre tendo en consideración que non sexan grupos numerosos, para asegurar a efectividade e operatividade do traballo que se desenvolva nas reunións destes grupos.

A comisión e os grupos que se poidan constituír funcionarán como órganos colexiados, dispoñendo cada un de presidencia e secretaría, debendo elaborar unha acta de cada xuntanza mantida. As reunións convocaranse xunto coa orde do día coa documentación que proceda, dándolle prioridade ás xuntanzas virtuais sobre as presencias para evitar desprazamentos innecesarios. A propia comisión ditaminará a periodicidade das reunións co fin de asegurar a operatividade e o bo desenvolvemento das mesmas.

A continuación, determínanse as funcións da comisión e os posibles grupos que se poden formalizar dentro da dita comisión:

COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO PLAN

- Funcións previstas:

- >> Elaboración dun informe da situación actual e punto de partida.
- >> Proposta de membros e organización e cronograma dos posibles grupos de traballo.
- >> Seguimento dos resultados dos grupos de traballo.
- >> Avaliación do cumprimento dos obxectivos.
- >> Proposta de melloras para a consecución dos obxectivos.
- >> Organización do foro entre profesionais do sector e espazos de exhibición.

- Posibles membros:

- >> Vogal representando ás compañías e profesionais do sector.
- >> Vogal en representación dos espazos de exhibición.
- >> Axencia Galega das Industrias Culturais.

GRUPO OU MESA 1. IMPULSO DA EXHIBICIÓN E DISTRIBUCIÓN DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO

- Funcións previstas:

- >> Revisión das bases das convocatorias de subvencións de danza e artes do movemento para adaptalas á realidade do sector.
- >> Revisión das bases das coproducións do Centro Coreográfico Galego, con especial atención ás contraprestacións.
- >> Elaboración dunha proposta de impulso da exhibición da danza dentro da rede a favor da danza para trasladarlla á comisión técnica da Rede Galega de Teatros e Auditorios e aos concellos.
- >> Proposta de accións para mellorar a distribución da danza galega fora de Galicia e España, tales como asistencia a feiras e festivais, encontros con outros centros ou redes autonómicas, coproducións e colaboracións...
- >> Elaboración dun catalogo das compañías e profesionais.

- Posibles membros:

- >> Vogal designado pola Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas.
- >> Vogal designado pola Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural.
- >> Vogal en representación do ámbito da danza tradicional.
- >> Vogal en representación das salas e espazos de exhibición.
- >> Axencia Galega das Industrias Culturais.

GRUPO OU MESA 2. FORTALECEMENTO DA CREATIÓE E PRODUCIÓE DE DANZA E ARTES DO MOVEMENTO

- Funcións previstas:

- >> Análise da casuística das residencias, normativa de aplicación e cesión de locais.
- >> Elaboración de mapas e catálogos de espazos.
- >> Estudo de medidas para o fomento do talento emerxente, desenvolvemento do rural, exhibición en espazos non convencionais, creación, investigación.

- Posibles membros:

- >> Vogal designado pola Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas.
- >> Vogal designado pola Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural.
- >> Vogal designado pola Plataforma Rescat'Arte.
- >> Vogal designado pola Plataforma de Artes do Movemento.
- >> Axencia Galega das Industrias Culturais.

GRUPO OU MESA 3. FOMENTO DA PROFESIONALIZACIÓN E DA FORMACIÓN NO SECTOR DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO E POTENCIACIÓN DA DIFUSIÓN E CREATIÓE DE PÚBLICOS

- Funcións previstas:

- >> Elaboración de mapas e catálogos de espazos para formación.
- >> Realización de propostas de contidos formativos de interese para o sector profesional.
- >> Proposta de docentes e localizacións.
- >> Análise dos recoñecementos de competencias por experiencia profesional.
- >> Estudo das vías para a profesionalización da danza tradicional galega.
- >> Análise de actividades de mediación e fomento de públicos.
- >> Proposta de accións para a difusión da danza, tales como a unificación de campañas de comunicación entre o sector e as distintas Administracións para unha maior visibilidade mediante a creación e uso de cancelos comúns como **#danzagalega** ou **#GaliciaenDanza**.


- Posibles membros:

- >> Vogal designado pola Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas.
- >> Vogal designado pola Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural.
- >> Vogal designado pola Plataforma Rescat'Arte.
- >> Vogal designado polo ámbito da danza tradicional.
- >> Vogal designado por Conservatorio de Danza de Lugo / Educación.
- >> Axencia Galega das Industrias Culturais.

CRONOGRAMA PREVISTO

Tal e como figura no cronograma previsto, o primeiro paso será a constitución da comisión de seguimento do Plan. Despois, unha vez creados os grupos de traballo, establecerase a periodicidade das súas sesións. Producirase tamén unha primeira presentación do Plan e dos seus avances durante a celebración do Culturgal, en Pontevedra, do 24 ao 27 de novembro de 2022, así como un avance de resultados máis definitivos durante o mes de setembro de 2023.

TEMPO \ ACCIÓN	ANO 2022			ANO 2023					
	Xullo - Out.	Nov.	Dec.	Xan. - Feb.	Marzo	Abril - Maio	Xuño - Xul.	Ago.	Set.
Redacción final do Plan									
Creación e 1º reunión da comisión de seguimento									
Presentación e publicación do Plan									
Constitución dos grupos de traballo da comisión									
Reunións dos grupos de traballo da comisión									
Foro de profesionais e espazos de exhibición									
Seguimento e avaliación do Plan									
Avance de resultados do Plan									



**ANEXO I.
INFORME DO PROCESO DE
PARTICIPACIÓN PÚBLICA**

INFORME DO PROCESO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA PLAN INTEGRAL PARA A DANZA DE GALICIA

Antecedentes

De conformidade co disposto no artigo 20 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co disposto tamén na proposta número 1 da acta de reunión preparatoria da mesa de coordinación do **Plan Integral para a Danza de Galicia**, a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC) desenvolveu entre os días 2 e 22 de marzo de 2021 unha petición pública de achegas sobre o Plan no sitio web de AGADIC, no seguinte enlace web: <http://www.agadic.gal/Avisos/detalles/704>.

O mecanismo de información e participación cidadá utilizado foi, por unha banda a publicación da guía da elaboración do Plan Integral para a Danza de Galicia e, en segundo lugar, a caixa de correo electrónico planintegraldanza.agadic@xunta.gal mediante a remisión de formularios de achegas en formato PDF e DOC, e coa posibilidade de enviar documentos anexos co formulario.

No prazo concedido a tal efecto, presentáronse 29 comunicacións con achegas. Fóra de prazo chegaron dúas comunicacións máis que decidiron incluírse dentro deste informe. No seguinte cadro sinálanse as entidades ou persoas que realizaron achegas e os textos das mesmas:

Nº	ENTIDADE / PERSONA	ACHEGAS
1	SONDANZA	<p>"Penso que é importante que se fagan unha serie de axudas directas ao sector que deben ir dende o ingreso económico á facilitación de espazos públicos e ao aire libre para a realización de mostras de danza no caso das escolas e de contratacións públicas non só en teatros senon tamén ao aire libre. Por sorte en Galicia dispoñemos de espazos públicos como teatros, pero tamén de anfiteatros, plazas e outras ubicacións que se poderían ceder ou alugar para docencia e mostras.</p> <p>Por outra banda, creo que é importante voltar a permitir o baile en parellas para as persoas conviventes e parellas federadas e artísticas. Creo que ata o día de hoxe os centros docentes en Galicia demostraron sobradamente ser espazos seguros e que cumpren coa normativa e a experiencia de outras comunidades autónomas pode axudar a demostrar que é posible facer as clases en parella sen que supoña un risco para a saúde".</p>
2	GRUPO DE DANZAS PAIS DE SAN ROQUE	<p>"A nosa suxestión é a celebración de actuacións, por todos os grupos galegos que queiran participar, nos diferentes roteiros do camiño de Santiago, en puntos específicos onde a afluencia de xente sexa maior. Sería unha iniciativa interesante aproveitando que o ano Xacobeo se pospón a 2022. No noso caso particular contamos coa Danza do Peregrino, que se leva interpretando na vila interrompidamente dende fai máis de 25 anos todos os 25 de xullo como conmemoración do Día da Patria Galega e do patrón de Cangas (a nosa vila). Para esta danza os bailaríns visten a tradicional capa de peregrino, así como portan diversos obxectos conmemorativos".</p>
3	WORLD DANCE CENTER CORUÑA S.L.	<p>"Precisamos urgentemente que nos permitan el contacto en las clases de baile, pues como escuela de baile especializada en ritmos latinos nos es imprescindible para poder trabajar que se nos permita el contacto".</p>
4	BRANCA NOVONEYRA	<p>1. A participación é necesaria de representantes do colectivo que defendan elas mesmas os seus intereses, polo que propoñemos integrar unha representante da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR) ás mesas de traballo do Plan.</p> <p>2. No eido da educación as propostas son: a) A inclusión das nenas e adolescentes con discapacidade nas ensinanzas elementais e profesionais nos conservatorios da nosa comunidade. Adaptación das probas de acceso, inclusión de equipos de apoio e elaboración de adaptacións curriculares significativas por parte dos departamentos para que nenas e adolescentes poidan cursar estudos regulamentados de ensinanzas de danza en igualdade. Sería preciso implementar unha campaña informativa en colaboración co tecido asociativo para favorecer unha matriculación inicial. b) A implantación das ensinanzas superiores na comunidade e a oferta de estudos de doutoramento e formacións de terceiro ciclo nalgunha das universidades galegas.</p> <p>3. No ámbito profesional da produción, distribución e programación da danza, sería acaído a integración de criterios puntuais que favorezan a inclusión nas diferentes axudas á produción e distribución escénica da AGADIC, cunha cota suficiente, digna, non simbólica, de espectáculos da chamada escena inclusiva ou integrada na Rede Galega. Sería preciso lanzar unha convocatoria de residencias para favorecer a produción de pezas de danza inclusiva/ integrada na nosa comunidade para logo favorecer a súa distribución dentro e fora de Galicia.</p> <p>4. No ámbito social, é quizabes o lugar de actualidade para implantar medidas que actualicen o campo de acción do sector da danza en Galicia: a) Favorecer o traballo de artistas da danza con comunidades en risco de vulnerabilidade social. b) Implementar a danza coma ferramenta de intervención cos colectivos afectados por doenzas en lugares dedicados á atención á drogodependencia, centros de acollida de mulleres, residencias de maiores, e un logo etc; son os espazos onde a disciplina debería integrarse coma instrumento de intervención social".</p>

Nº	ENTIDADE / PERSONA	ACHEGAS
5	ASOCIACIÓN CULTURAL ENTRE LUSCO E FUSCO	"Que dado o volume de persoas que están a formarse en danza tradicional en Galicia, se incorpore algunha persoa en representación da danza tradicional galega ó grupo de traballo do 'Plan Integral para a Danza en Galicia.' Para percibir a magnitude da formación en danza tradicional de Galicia, suxerimos tamén que contacten directamente ca 'AGG-Asociación do baile a música de tradición galega'".
6	ASOCIACIÓN DE GAITEIROS GALEGOS	"Que o grupo de traballo incorpore tamén a algún axente en representación da danza tradicional como medida necesaria, indispensable e imprescindible".
7	GALICIA DANZA CONTEMPO- RÁNEA	<p>"1. Producción e creación:</p> <p>> En Galicia prodúcense unha media de 20 espectáculos ao ano. Actualmente son apoiados a través das axudas á creación (modalidade nova creación e modalidade danza e artes do movemento) arredor do 50%. Proposta: consolidar o apoio.</p> <p>> Dificultades na creación. Aínda que por mor da COVID19 se pecharon moitos espazos onde as compañías realizan os procesos de creación (fundamentalmente espazos dependentes de administracións locais), a realización de residencias artísticas e/ou técnicas é unha dificultade habitual. As tarifas dos espazos en aluguer están moito por riba dos orzamentos de produción, non son asumibles. Proposta: creación de rede de espazos en residencia e consolidar o apoio ás Residencias Paraíso do Colectivo RPM.</p> <p>> En relación primeira distribución para a xustificación das axudas á creación e coprodución co Centro Coreográfico Galego. Ver punto 2.</p> <p>2.Circulación:</p> <p>> En Galicia a través da RGTA soamente programan danza de forma estable tres espazos. A Comunidade Autónoma non absorbe, e polo tanto apoia, a creación de danza, o que dificulta a xustificación das axudas á creación e a distribución exterior posterior.</p> <p>Proposta: revisar as funcións mínimas de xustificación, revisar cuotas de contratación obrigatoria na rede, dar continuidade e ampliar o proxecto Escena Plural, dar asesoramento de mediación aos espazos.</p> <p>3-Buque insignia: Centro Coreográfico Galego.</p> <p>> A primeira etapa do Centro Coreográfico Galego supuxo situar a Galicia no foco da danza a nivel nacional, visibilizar o potencial das creadoras galegas e fomentar a presenza da danza nos teatros galegos.</p> <p>Proposta: A súa reactivación, dotación de xestora por convocatoria, a súa conversión nun centro de creación e mediación cas redes de Agadic, dar apoio específico a creadoras emerxentes.</p> <p>4-Consideracións do sector como colectivo: (Ver achega 8)".</p>

Nº	ENTIDADE / PERSOA	ACHEGAS
8	ELAHOOD (JULIA LAPORT E SABELA DOMÍNGUEZ) DIEGO MARTÍNEZ SABELA RAMOS ANDREA QUINTANA CRISTINA SÁNCHEZ FRANCISCO MARTÍNEZ ÁNXELA BLANCO SABELA MENDOZA GALICIA DANZA CONTEMPORÁNEA	<p>"O mantemento e garantía da autonomía do Centro Coreográfico Galego (CCG) como centro institucional de referencia para a comunidade da danza e das artes do movemento de Galicia, en diálogo con outros centros análogos nacionais e internacionais para o que se considera indispensable: i) a convocatoria dun proceso de selección para a provisión do posto de dirección do CCG que garanta o desenvolvemento dun plan anual para o Centro, así como a organización duns recursos humanos suficientes para levalo a cabo; ii) o mantemento na nova normativa estatutaria da AGADIC da relación de competencias atribuídas e esixibles ao CCG segundo se recollen no art. 27 do vixente Estatuto (sen perxuízo da necesaria adaptación das mesmas ás esixencias da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público); iii) o incremento sustancial da dotación orzamentaria do CCG.</p> <p>A renuncia da AGADIC á fusión do actual Departamento de produción coreográfica nun "Departamento de Música e Danza" de nova creación previsto no proxecto de Decreto polo que se modifica parcialmente o Decreto 150/2012 de 12 de xullo polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais.</p> <p>O mantemento dunha canle de participación aberta en todo momento do proceso de elaboración do PID, para que se poidan realizar achegas aos Grupos de Traballo específicos e ao Grupo de Traballo xeral, en base á documentación e informacións que se vaian xerando en cada fase do proceso; así como a transparencia da información xerada mediante a publicación das actas ou conclusións das reunións celebradas no marco deste proceso".</p>
9	ELAHOOD (SABELA DOMÍNGUEZ)	<p>(Ver achega 8)</p>
10	NESUCADANZA	<p>"> Tendo en conta a oferta dancística formativa actual en Galicia, contando con 2 conservatorios financiados pola administración pública (1 da Deputación e 1 da Xunta) e 1 privado, resulta fundamental ofrecer oportunidades laborais reais e con un mínimo de dignidade na nosa comunidade. Dar oportunidade aos futuros artistas de desenvolver a súa actividade, evitando a fuga de talentos a outras comunidades, países ou sectores, potenciando e afianzando o desenvolvemento artístico dos mesmos. Son 11 anos de esfrozo diario para conseguir 1 Grao Medio e 4 máis para un Superior; se dende o propio sector non se valora ese esforzo, non podemos pretender que os demais o fagan.</p> <p>> Xa non son poucos os intérpretes e coreógrafos que marchan en busca de oportunidades laborais máis favorables... Botando unha ollada ao panorama dancístico profesional actual atopamos un amplo número de compañías pequenas nas que os intérpretes, coreógrafos e directores son ás veces xestores, distribuidores, produtores e o que sexa necesario para poder manter os seus proxectos a flote; e por suposto os intérpretes... non podemos nin sobrevivir exercendo exclusivamente da nosa actividade, non hai contratos, non hai estabilidade, e con todo non hai outros moitos dereitos que conleva un contrato laboral estable: baixas por maternidade, vacacións pagas, baixas por doenzas...</p> <p>> Penso que dende AGADIC sería de axuda contar cun espazo ou unha institución na que intérpretes (sexan da vertente dancística que sexa; xa é hora de profesionalizar sectores como a danza tradicional e esquecer loitas tan obsoletas como a danza clásica ou contemporánea) e creadores puidéramos ter a oportunidade de exercer a nosa profesión. Un proxecto cunha implicación real e sincera que mire pola cultura dancística Galega e saque partido do seu potencial.</p> <p>> Ademais de dar soporte económico e loxístico (axuda de asesoramento xurídico, distribución, produción., espazo de ensaios..) mellorando as condicións de traballo das compañías que levan tantos anos loitando pola súa supervivencia. Un espazo da danza e para a danza, un espazo de produción, residencias, coproducción, becas... no que podamos aprender uns de outros facendo e creando cultura".</p>

Nº	ENTIDADE / PERSONA	ACHEGAS
11	FRAN SIEIRA	<p>"1. Regrar os estudos da danza galega (que poda ser estudado nun coservatorio). Formando deste xeito profesionais da danza co valor engadido da exclusividade dunha disciplina única que nos caracteriza e define como pobo.</p> <p>2. Liñas específicas de axudas á creación escénica, así como a programacións nas diferentes redes con discriminacións positivas para a danza galega, ou calquera linguaxe do movemento que beba do noso baile tradicional. Sendo incluso exportadores da nosa propia linguaxe do movemento no exterior".</p>
12	ASOCIACIÓN EMPRESARIAL ESCUELAS DE DANZA A CORUÑA	<p>"Apoio ás compañías galegas. Mostra de danza dos diferentes centros de formación de Galicia e creación de talleres de danza de diferentes disciplinas. Programación de danza no sentido amplo da palabra. Creación dun grupo asesor formado exclusivamente por profesionais da danza que estean especializados nos diferentes contextos e estilos. Solicitar axudas para os centros privados colaborando con compañías cedendo os seus espazos para ensaios".</p>
13	DIEGO MARTÍNEZ	(Ver achega 8)
14	CRISTINA SÁNCHEZ	<p>"(Ver achega 8)</p> <p>> Solicito que se recoñeza o potencial expresivo e terapéutico derivado da práctica da danza en todas as súas variedades. Por ilo a inclusión en curriculums pedagóxicos de centros educativos, hospitais, centros de menores ou prisións. Está demostrado que a práctica da danza aumenta a capacidade de aprendizaxe, dun xeito preventivo aumenta a probabilidade de manter o corpo libre de enfermidade, e a súa vez, permite sublimar ou ser canle expresivo para conflitos ou procesos psicofísicos."</p>
15	FRANCISCO MARTÍNEZ	<p>"(Ver achega 8)</p> <p>> Solicito que tanto no deseño do Plan como nas intencións ou medidas contretas que se establezan no dito documento, se respecte o decretado na Lei de Igualdade 2007".</p>
16	SABELA RAMOS	(Ver achega 8)
17	ANDREA QUINTANA	(Ver achega 8)

Nº	ENTIDADE / PERSONA	ACHEGAS
18	ÁNXELA BLANCO	<p>“(Ver achega 8)</p> <ul style="list-style-type: none"> • CUMPRIMENTO DA LEI DE IGUALDADE 2007 > Solicito que tanto no deseño do Plan como nas intencións ou medidas contretas que se establezan en dito documento se respete o decretado na Lei de Igualdade 2007. > Solicito, de xeito explícito, que o Plan garanta con equidade a presenza de mulleres nos postos de responsabilidade política e administrativa daquelas estruturas ou unidades técnicas que puidesen xestionar aquilo relacionado ca danza e as artes do movemento neste territorio, tanto hoxe como colaborando a que sexa garantido no medio e longo termo. > Solicito que, na procura de xeitos de traballar máis respectuosos e igualitarios, se promocionen xeitos organizacionais e estruturais non verticais, isto é: horizontais e integradores da diversidade e pluralidade dos axentes activos da danza no territorio, como xa se ven facendo co presente deseño participado do Plan. Para ilo, considero fundamental que sexan considerados e convidados de xeito explícito aqueles axentes activos nos diferentes estilos de danza: contemporánea, experimental, clásica, danza-teatro, danza-circo, performance...e especialmente da danza tradicional, como valor cultural chave na preservación dos saberes e o facer comunitario na Galicia. Cada un dos estilos presenta particularidades e características fascinantes que poden nutrir e facer desta iniciativa un fito transformador para a cultura galega. > Solicito se considere na redacción e intención de dito PID a posta en valor dos coidados, concepto de actualidade política. Por unha parte, recoñecendo e dotando de recursos os coidados dos espazos de residencia, procesos de produción e representación de espectáculos; ou como recurso esencial nun sector profesional con altas doses de inestabilidade laboral, precariedade salarial ou incerteza nas posibilidades de xubilación; tanto como considerando na mesa de formación do PID a potencialidade terapéutica e vehiculadora das artes do movemento, feito chave no contexto da actual crise sanitaria ás portas da chamada “ola de sufrimento mental”, que moitos expertos aseguran estamos a sufrir e sufriremos como consecuencia do confinamento, da perda de personas queridas, perda do traballo ou a incerteza. Un programa de intervención social, educativo ou terapéutico dende o movemento -isto é dende o corpo, dende o coidado do corpo- poden resultar unha ferramenta indispensable e innovadora na prevención de dita ola. > Solicito que se promocionen o deseño e implementación de protocolos contra o abuso nos centros de traballo e entornos educativos relacionados cas artes do movemento. O movemento internacional #metoo ou a actual loita da Escola Superior de Artes Escénicas de Vigo, co alumnado denunciando o acoso sexual de moitos docentes, dan proba suficiente da urxencia e pertinencia de incluír tecnoloxías para a prevención do abuso por cuestión de xénero, desgraciadamente normalizado no eido artístico. Propoño, por se fora de interés, algún nome de expertas que poderían contribuir ao deseño de ditas propostas así como asesorar unha revisión con perspectiva de xénero do Plan: Tareixa Ledo Regal, con longo percorrido no sindicato labrego galego, socióloga e terapeuta; Lola Ferreiro, psiquiatra feminista con experiencia en asesoramento de protocolos contra o acoso para compañías de artes escénicas; Olga Novo, poeta galardonada este ano co premio nacional de poesía e docente que imparte a asignatura de igualdade no seu centro de ensino. > Incorporar unha voz experta en xénero ao proceso de deseño do PID axudaría a garantir o cumprimento da Lei e o benestar da nosa profesión e por ende da sociedade”. (continúa na seguinte páxina)

Nº	ENTIDADE / PERSONA	ACHEGAS
18	ÁNXELA BLANCO (Cont.)	<p>• APOIO A CULTURA DE BASE E AO EMPRENDEMENTO</p> <p>> Solicito que no deseño das estratexias, medidas contretas, partidas orzamentarias ou aquelas decisións que condicionen o medio e o longo prazo do ámbito da danza no territorio, se priorice e fortalezan -ca dotación de recursos pertinente- aquelas iniciativas que xa están activas e teñen demostrado seu bo facer ao longo do tempo, o que se podería chamar a cultura de base. Dotar á cultura de base de recursos é fornecer un xeito de facer enraizado nas prácticas xustas para cada contexto, é recoñecer que os axentes activos saben aquilo que é mellor, máis coherente ca tradición e o lugar onde se desenvolvan aquelas iniciativas de formación, creación ou intervención comunitaria vehiculadas a través da danza. Ademais adoitan ser máis eficientes economicamente.</p> <p>> Solicito que se prioricen ditas iniciativas -da cultura de base- fronte aquelas deseñadas por organismos técnicos con escaso contacto ca realidade local. Sen desprezar por ilo o saber xurídico ou económico que emana da institución pero, un xusto diálogo co que xa é pode resultar chave no artellamento de procesos transformadores, como ben intúen quenes impulsan este proceso participado.</p> <p>> Solicito que o PID, como todo proceso de participación, sexa acompañado dun compromiso de execución que garanta un dispositivo de traballo xusto, isto é que garanta o cumprimento do consensuado entre a institución e o sector, comprometendo orzamento e cronograma coherente co acordado. O contrario podería interpretarse como un desprezo cara os saberes e as horas de traballo que moitas -dende o precario- estamos invirtindo neste proceso político, xesto que agudizaría aínda máis a gravidade innerente á crise sanitaria e a desesperación do sector.</p> <p>> Pode ser de axuda contar con asesoría técnica e independente para o deseño da participación ou algún aspecto do plan. Suxiro neste senso ao colectivo Zemos 98, afeitos a acompañar procesos de transformación política dende a sensibilidade artística, a excelencia e a modernidade http://zemos98.org/</p> <p>> Solicito, como medida de apoio ao emprendemento e ao autoemprego característico do sector da danza, se considere o artellamento de programas de sosteño económico que contemplan as nosas particularidades. Como xa se fai cxs traballadorxs do mar ou aquelas profesións consideradas estacionais ou de temporada, é preciso un estudio profundo que atenda ás singularidades do traballo artístico. Recoñecer as peculiaridades dos ritmos de produción e distribución dos espectáculos -sucede moito que ensaiamos durante meses sen remuneración nen cobertura social para ter escasas datas de representación retribuídas- ou o reducido da nosa traxectoria profesional - condicionado polas capacidades do corpo-, axudará ao deseño dunha política cultural e social que garanta os mínimos esperables do estado de benestar e será determinante de cara a potenciar a produción cultural.</p> <p>> Facer da danza unha profesión digna é garantir os dereitos laborais das traballadorxs do sector, cas súas particularides, como así se fai noutros países da Unión Europea. Quixeramos que Galicia encabezase un movemento de apoio á produción cultural, entendendo que este xesto non só daría cobertura ás persoas traballadoras senon que, como institución territorial, sería un xeito de liderar procesos de innovación social, de benestar e prevención a través das artes ou produción de riqueza cultural e educativa que, inseridos no tecido social, contribuirían ao benestar colectivo, á innovación industrial ou á difusión da marca "Galicia". Que xa sabemos que o prezo non é o valor, sentímonos valoradxs como artistas pero indiscutiblemente mal pagados e precisamos - como todos- dun acougo económico. Ademais, xa para rematar, defendo que un plan de sosteño sólido e con énfase nas vanguardias podería ser un xesto de audacia política que levase a Galicia cara a modernidade metodolóxica, á innovación e á visibilidade nacional e internacional".</p>

Nº	ENTIDADE / PERSONA	ACHEGAS
19	PLATAFORMA POLA CREACIÓN DUN CONSERVA- TORIO PROFESIONAL DE DANZA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA	<p>"1.- A integración, no grupo de xeral de traballo do "Plan Integral para a Danza de Galicia", dunha persoa que exerza a docencia nun conservatorio público de ensinanzas elementais e profesionais de danza.</p> <p>2.- A inclusión en dito "Plan", da necesaria creación dun Conservatorio Profesional de Danza en Santiago de Compostela, ao haber unha demanda máis que palpable e un compromiso por parte do Concello de Santiago, para a dotación -xunto coa Xunta de Galicia- de dito centro educativo, así como unha previsión a medio-longo prazo para a implementación doutros centros de ensino noutros puntos de Galicia.</p> <p>3.- En colaboración con outras administracións, organizar espectáculos didácticos para achegar a danza ao alumnado de primaria e secundaria contando con compañías profesionais e os propios conservatorios, así como charlas para dar a coñecer os seus estudos, diversidades de estilos e saídas profesionais".</p>
20	ASOCIACIÓN VIGO POR LA DANZA	<p>"1. Apoio ás compañías galegas de danza en todas as disciplinas.</p> <p>2. Mostra de danza dos diferentes centros de formación de Galicia e creación de talleres de danza de diferentes disciplinas.</p> <p>3. Programación de danza no sentido amplo da palabra.</p> <p>4. Creación dun grupo asesor formado exclusivamente por profesionais da danza que estean especializados nos diferentes contextos e estilos.</p> <p>5. Solicitar axudas para os centros privados colaborando con compañías cedendo os seus espazos para ensaios.</p> <p>6. Ampliar a normativa de contacto que incumbe ás compañías profesionais ao contexto escénico no ámbito pedagóxico".</p>
21	SIL PRODUCCIONES / ARTES EN MOVIMIENTO	<p>"-La creación de una partida presupuestaria para una ayuda anual específica a la investigación de la danza. Como creadoras, tenemos la necesidad de poder investigar sin el objetivo preciso de crear una coreografía o una pieza para teatro.</p> <p>-La facilidad de disponer de unas ayudas a las estructuras/compañías de danza para poder acarrear con todo el trabajo derivado de la creación de obras de danza, léase distribución, gestión, giras, administración, contratación y producción.</p> <p>-Revisión del carácter empresarial de las ayudas a producción de AGADIC, actualmente el 65% de la puntuación es sobre el nivel de contratación, facturación y distribución. La posibilidad de recibir una ayuda y así promocionar el profesionalismo para Danza/arte en movimiento en Galicia no se tendría que basar principalmente en cuan grande es la empresa o si vende más sino en su propuesta cultural y artística, la experiencia en el sector y la calidad".</p>
22	COLECTIVO RPM	<p>"1. Que Colectivo RPM forme parte do Grupo Xeral de Traballo da PID, por ser un axente aglutinador dunha grande parte da comunidade da danza e as artes vivas en Galicia e polo seu traballo dos últimos cinco anos para mellorar o contexto en Galicia a través dun exercicio de interinstitucionalidade, recoñecido polo sector das artes escénicas galego e nacional. Pensamos que a nosa posición e experiencia pode resultar de interese no diálogo entre todas as partes.</p> <p>2. Que se inicie e acompañe un proceso de estudo para a materialización do concepto de residencia artística nos teatros da Rede Galega de Teatros e Auditorios, que conte, tanto cos responsables dos teatros, da rede e da comunidade artística, como coa incorporación do perfil de asesoría xurídica para darlle o corpo necesario para levalo a cabo en termos técnicos.</p> <p>3. Que se revise a crecente burocratización dos procedementos de contratación artística adecuando a esixencia dos trámites administrativos á realidade do noso sector".</p>

Nº	ENTIDADE / PERSONA	ACHEGAS
23	COMPAÑÍA KIRENIA DANZA	<p>"-Creación dun Arquivo Coreográfico, adscrito ao Centro Coreográfico, que recolla, recompila e agrupe por un lado todo o material histórico vencellado á danza en Galicia e, por outra banda, faga o propio cos materiais e recursos documentais actuais. Estes materiais serán catalogados para a súa pronta disposición para a sociedade e o sector profesional mesmo. Esta medida debe contribuír ao desenvolvemento da investigación e a formación.</p> <p>-Impulso de novas liñas de axudas, co engadido de bolsas de creación e investigación. Reforzo en forma de axudas aos pasos previos do proceso de creación.</p> <p>-No apartado, esencial, da difusión e distribución, cómpre unha ampliación do mapa de espazos públicos e un aumento do número de representacións dos traballos apoiados por AGADIC (ou institucionalmente)</p> <p>-Mellora da estrutura do Centro Coreográfico. É necesaria unha nova RPT (Relación de Postos de Traballo), que se concrete nunha convocatoria de novas prazas técnicas especializadas. A praza de dirección debe ter un entorno capaz (exemplo do CGAI)</p> <p>-Interacción cos axentes do sector na configuración dun Plan formativo".</p>
24	IXA UNIVERSOS DE MOVEMENTO	<p>"Creación dunha compañía pública galega de todo o país ou catro compañías máis pequenas, unha por provincia. [...] Esta proposta serviría para ser sumada a todas as necesidades actuais da danza en Galicia e non como unha alternativa".</p> <p><i>(Remítese proposta máis extensa en formato dossier que non cabe neste informe)</i></p>
25	ASOCIACIÓN AFRICA MOMENT	<p>"(1) Desenvolver o programa de memoria para artistas e estudantes de artes escénicas afro gallegos.</p> <p>(2) Implementar tamén en Galicia o programa de formación profesional con mirada no eurocéntrica 'Reflexión, creación, corpo' - en liña con as edicións previas que a creadora, coreógrafa e pedagoga Aïda Colmenero Díaz ha conceptualizado e implementando en el Centro de Creación El Graner de Barcelona. Se propoñe crear un punto de unión con toda a parte de la diáspora africana gallega y lusófona.</p> <p>(3) Incluir la enseñanza de la Técnica Acogny, creada por Germaine Acogny. Aïda Colmenero Díaz es la única discípula española y de habla hispana en todo el mundo certificada por Germaine Acogny para transmitir su técnica.</p> <p>(4) Tejer puentes de colaboración, mediante la distribución de espectáculos, la consultoría y el comisariado, con la plataforma Africa Moment que Aïda Colmenero Díaz dirige desde hace 5 años en la curaduría, programación, diseño y dirección artística y pedagógica. Proponemos la programación de propuestas artísticas decoloniales de la propia Compañía Aïda Colmenero Díaz así como de los y las artistas nacionales e internacionales que distribuimos desde Africa Moment".</p> <p><i>(Xúntanse dossieres das distintas liñas de acción)</i></p>

Nº	ENTIDADE / PERSONA	ACHEGAS
26	SABELA MENDOZA	<p>"1. (Ver achega 8)</p> <p>2. En segundo lugar, suxerir a revisión do sistema de axudas á creación/produción e das coproducións co CCG, para eliminar ou rebaixar os requisitos de distribución, que obrigan ás compañías beneficiarias a asumir enteiramente a responsabilidade de distribuír as pezas obrigando a facer un número de funcións nun prazo determinado, sendo que a rede de teatros públicos en Galicia non acolle na actualidade o volume de creacións do territorio. Ao mesmo tempo, fortalecer a circulación da danza e as artes do movemento a través dunha batería de accións que vaian dende o establecemento de cotas e obrigas para os teatros da RGTA, RGS e Cultura no Camiño, pasando pola posta en marcha de itinerancias ou ciclos específicos de danza, proxectos de mediación etc.</p> <p>3. En terceiro lugar, suxerir o impulso a programas de residencias, nas súas diversas tipoloxías : residencias artísticas, residencias técnicas, programas de artistas asociados, cesións de espazos para ensaios e procesos de traballo.</p> <p>4. En cuarto lugar, dotar ao PID duns recursos económicos suficientes para a súa execución, así como dun consello ou equipo humano mixto (con representantes do ente público- sector independente-cidadañía) que acompañe a súa execución no futuro. Así mesmo, suxerir que os debates e asuntos tratados no proceso de elaboración do PID se poñan en diálogo con outros procesos en marcha -de elaboración de políticas culturais públicas- que poidan ter vinculación co PID, co obxectivo de retroalimentarse e de abrir vías de 'vasos comunicantes', ben con outras iniciativas a xestarse no territorio galego, ben con outras iniciativas de fóra de Galicia. A nivel de recursos económicos e de planificación dos orzamentos para a danza dos próximos anos, cómpre tamén estudar a estratexia e posicionamento en relación aos fondos de reactivación europeos, e analizar cal vai ser o lugar que vai ocupar a danza neste novo marco económico.</p> <p>5. Incorporar no proceso de elaboración do PID ao sector da formación en danza, tanto regrada como non regrada así como aos estudos académicos e/ou grupos de investigación universitarios, como voces a ser tomadas en conta tamén no debate que se está a abrir.</p> <p>6. Mudar, ampliar e diversificar a concepción institucional que se ten do sector profesional da danza e as artes do movemento: actualmente aténdese a este sector dende unha comprensión de industrias creativas e culturais, no que non encaixaría a maior parte das e os axentes profesionais, cuxos modelos de actividade están máis próximos dos modelos da economía do terceiro sector, desenvolvendo actividades privadas ou independentes pero con vocación (total ou parcialmente) pública ou de servizo público. Independentemente das formas xurídicas nas que operen (autónomos, empresas, cooperativas ou asociacións). Un modelo, o da economía social, que ten tamén un enorme valor e do que toda sociedade precisa, e que cómpre atender tamén, ao lado dos modelos industriais. É urxente adaptar os obxectivos, estratexias e diversas liñas de acción (subvencións, programas, producións)... ás lóxicas destes modelos e non centralos única e exclusivamente na persecución de modelos industriais".</p>

Nº	ENTIDADE / PERSONA	ACHEGAS
27	A CASA VELLA	<p>"> Solicitamos a incorporación ao Grupo Xeral de Traballo do PID dunha figura representante dos espazos de creación independentes situados no rural galego, para o cal ofrecemos a nosa dispoñibilidade para ocupar dito espazo de representación. Consideramos moi importante incorporar esta voz no proceso, como un axente interlocutor máis, que representa unha singularidade específica (a conexión da danza e as artes do movemento co rural galego), e que atende de xeito transversal a todas as fases dos procesos artísticos e culturais vencellados á danza e as artes do movemento (creación e investigación, residencias, mediación, formación e incluso exhibición ou programación). É crucial incorporar a realidade do rural nos debates e plans que van configurar a realidade cultural e artística galega, e esta realidade non está representada suficientemente na configuración actual do Grupo de Traballo.</p> <p>> Solicitamos que no proceso de redefinición do sistema de axudas, apoios e subvencións para a danza e as artes do movemento, se teña en conta a realidade específica e singular que representan os espazos de titularidade privada de creación e acción social situados no rural. Estes espazos precisan dunha atención específica pola súa natureza concreta e diferente a outras xa recoñecidas (non son compañías, nin festivais, nin proxectos empresariais de programación, nin salas independentes... pero aglutinan varias funcións diversas e incorporan outras novas). Se ben nesta altura non existen en Galicia convocatorias específicas para estes espazos, estamos á disposición para desenvolver (en diálogo coas administracións) esas bases de axudas e subvencións que, estamos seguros, virán dar resposta e impulso a unha realidade crecente e necesaria".</p>
28	LICENCIADA SOTELO	<p>"> Establecer medidas que conecte o apoio á creación escénica de espectáculos de danza e artes do movemento coa súa posterior exhibición.</p> <p>> Incorporar estratexias efectivas que aumenten a presenza de espectáculos de danza e artes do movemento nos espazos da RGTA.</p> <p>> Crear medidas que posibiliten a descentralización dos grandes núcleos urbanos o acceso ás creacións de danza e artes do movemento.</p> <p>> Apoiar plans de mediación e acceso á danza no contexto rural.</p> <p>> Establecer plans de asesoramento especializado a técnicos de cultura de Concellos que habitualmente non programan danza.</p> <p>> Apoiar e crear diálogo e accións conxuntas con iniciativas independentes existentes (espazos de exhibición, espazos de creación, Festivais etc)</p> <p>> Aumentar as medidas que posibiliten ás/aos artistas do eido das artes do movemento realizar residencias artísticas de creación e investigación remuneradas nas diferentes fases do proceso creativo tanto en espazos públicos como privados.</p> <p>> Fomentar e apoiar á danza e á creación dentro das artes do movemento como ferramenta de acción social; tanto a nivel da saúde individual nun sentido amplo, como nas relacións comunitarias, sendo motor de inclusión e cohesión sociais".</p>

Nº	ENTIDADE / PERSONA	ACHEGAS
29	PLATAFORMA ARTES DO MOVIMENTO (PAM)	<p>"PRIMEIRA.-Orzamentos do plan: O proceso de elaboración do PID necesita dunha partida orzamentaria propia. Non aparece referencia algunha ao orzamento para a elaboración do plan na documentación, na "guía de elaboración " elaborada por AGADIC. [...] Propoñemos que se fixe un orzamento para o proceso.</p> <p>SEGUNDA.- Outra das demandas feitas na primeira reunión de traballo foi convidar a outras profesionais ou colectivos ás sesións de traballo, en concreto se recolle na acta a proposta por parte de Marta Alonso (festival Corpo(a)Terra) de convidar ao Colectivo RPM. [...] A PAM considera que máis alá do plan de participación aberto na páxina web de AGADIC e en relación ao acordo da mesa de traballo antes mencionado de convidar a persoas ou colectivos con especial coñecemento dos temas a tratar sería convinte que este convite se fixera para cada unha das sesións previstas. Así antes de cada sesión de traballo as integrantes da mesa de traballo do PID decidirán sobre a incorporación dunha persoa/colectivo/entidade que participe e axude nas deliberacións. Para a sesión de traballo relativa á creación e produción propoñemos por tanto, o convite do colectivo RPM.</p> <p>TERCEIRA.- Polo que respecta á planificación das sesións de traballo incluídas na fase IV do PID consideramos imprescindible incorporar unha sesión máis na que se trate especificamente sobre a situación do Centro Coreografico Galego. Unha das principais demandas da PAM. Consideramos que é imposible obter un resultado plenamente satisfactorio do PID sen tratar o futuro do CCG de xeito específico nunha reunión. Aínda que no orde do día das diferentes sesións de traballo faise referencia a diferentes materias que inciden ou implican ao CCG como propostas de residencias ou formación artística no CCG, consideramos indispensable adicarlle unha reunión completa dada a súa vital importancia e relevancia como sede institucional da danza en Galicia. Neste sentido, consideramos importante insistir nas peticións que xa foran achegadas pola PACCG e que seguimos apoiando dende a PAM para a súa consideración nos debates relativos ao futuro do CCG.</p> <p>CUARTA.- Por último, e en relación tamén á dotación de orzamentos para o proceso de desenvolvemento do Plan, dende a PAM consideramos que é importante dispoñer de orzamentos para incorporar o servizo de figura/s profesionais independente/s, de tal forma que o grupo de traballo poida dispoñer da axuda dun mediador/a profesional, de carácter independente e nomeado por consenso do mesmo grupo, entendendo por tal un perfil con coñecemento e experiencia acreditada en procesos de mediación en cultura e coñecemento e experiencia acreditada tamén do sector da danza".</p>
30	ESTHER FERNÁNDEZ	"[...] Sería unha boa idea ter o [Conservatorio] Superior na nosa Comunidade".
31	ASOCIACIÓN DE PROFESIONALES DEL BAILE AFROLATINO DEL NOROESTE	<p>"> Intercesión para solicitar urxentemente un cambio na lei actual para permitir o contacto entre personas que practican a danza en parella, non só nas compañías, senón tamén nos centros de formación.</p> <p>> Incorporación do eido da formación dentro do Plan como unha parte principal.</p> <p>> Formación dos grupos de traballo formados exclusivamente por profesionais recoñecidos das distintas disciplinas da danza.</p> <p>> Axudas concretas as compañías de danza de Galicia, de todas as disciplinas (hay centos de compañías semiprofesionais, amateur e parellas profesionais de baile latino en Galicia, que nunca recibiron axuda algunha das administracións).</p> <p>> Creación de obradoiros de danza das diferentes disciplinas de baile, non soamente baile contemporáneo, fusión, tradicional. Poderíanse levar a cabo nos diferentes centros privados de formación.</p> <p>> Unha programación da danza no sentido amplo e un plan completo de axudas aos centros privados. Promover o coñecemento das compañías de todas as disciplinas en Eventos, obradoiros, actos culturais...</p> <p>> Propoñer os centros privados como centros de ensaio de compañías, con pequenas axudas económicas para tal fin".</p>



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAS

